

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 5 de xullo de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de xullo de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(852).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E DETEGA S.L. PARA O PATROCINIO DO ENCONTRO TECNOLÓXICO “NETGAME”. EXPTE. 1318/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.05.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio Administrativo de Alcaldía do 26.05.04, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e Detega S.L. para o patrocinio do encontro tecnolóxico “Netgame”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E DETEGA, S.L. PARA O PATROCINIO DO ENCONTRO TECNOLÓXICO “NETGAME”.

En Vigo, a de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, a Ilma. Sra. D^a. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

Doutra parte, D. Luis Asenjo Pérez, NIF. 36089592-Q, administrador único de “Desarrollo Tecnológico de Galicia, S.L.”, en adiante DETEGA, CIF. B-36916773, con domicilio social en Marqués de Valladares, 23, oficina 605, Vigo.

Ambas partes recoñecen plena capacidade legal para firmar este convenio en nome da institución e sociedade que representan en virtude das facultades que a tal efecto poseen,

EXPOÑEN

A empresa DETEGA organiza e leva cabo o “Primeiro Encontro Tecnolóxico Netgame”, orientado á xuventude, ás novas tecnoloxías, e a promover nese entorno os valores relacionados coa formación e o desenvolvemento intelectual dos estudantes de educación secundaria e universitarios.

Neste primeiro encontro “Netgame”, e sucesivos correspondentes ós anos 2005 e 2006, participa en calidade de patrocinador principal a entidade financeira Caixanova, que desenvolve unha importante actividade orientada á mellora da calidade de vida dos galegos e, especialmente dos xoves e nenos da nosa cidade. Derivado deste patrocinio principal e do convenio asinado entre Detega e Caixanova, o día 21 de abril de 2004, o evento denominarase “Netgame Caixanova 04”

O Concello de Vigo participa neste “Primeiro Encontro Tecnolóxico Netgame” en calidade de patrocinador, co obxectivo fundamental de publicitar esta institución nun foro como o que nos ocupa, composto fundamentalmente por xoves da nosa cidade, que complementa as actividades desenvolvidas por esta Alcaldía na programación Vigo 2005-2007, e que se concreta nas campañas de concienciación cívica xeral, de uso dos parques forestais, contra o vandalismo, racionalización do transporte urbano, uso da dobre fila, mantemento do entorno urbano, etc.

Consecuentemente co exposto se acorda establecer esta vía de colaboración entre ámbalas dúas parte coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O evento “Netgame Caixanova 04” se celebrará no Recinto Ferial de Vigo (Cotogrande) do 13 ó 18 de xullo de 2004. Este foro está avalado por Caixanova; a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado; a Consellería de Innovación, Industria e Comercio; Telefónica de España; e a Universidade de Vigo.

Segunda.- DETEGA será a responsable da dirección técnica, a organización e a xestión do “Netgame Caixanova 04”, así como do seu correcto funcionamento en materia de comunicación, seguridade, orde e demás cuestión encaminadas ó éxito do evento.

Terceira.- O Concello de Vigo actuará como patrocinador deste evento “Netgame Caixanova 04”, polo que satisfará a cantidade de 6.000 euros.

Esta cantidade só se fará efectiva no caso de que a celebración de “Netgame Caixanova 04” se desenvolva cos niveis mínimos de participación e notoriedade definidos e resumidos no anexo I deste convenio.

Cuarta.- O patrocinio e desenvolvemento do evento “Netgame Caixanova 04” outorgará ó Concello de Vigo ás seguintes contrapartidas publicitarias:

- 1) Inserción do Concello de Vigo e do logotipo “Vigo 2005-2007” de modo preferente e toda a publicidade, propaganda e promocións relacionadas co evento, sexa cal sexa o canal o medio utilizado ó efecto.*
- 2) Aparición en calidade de patrocinador en todas as noticias xeradas nos medios de comunicación en torno á feria.*
- 3) Disposición de espazos publicitarios estáticos e definir no interior do recinto ferial*

Quinta.- A asinatura por parte do Concello de Vigo do presente convenio no suporá máis compromisos que os estipulados no mesmo nin conlevará máis compromisos para ninguna das partes dos establecidos neste convenio.

Sexta.- O pagamento da cantidade expresada na cláusula terceira realizarase nun único acto, contra a presentación por parte de DETEGA das facturas orixinais correspondentes ó desenvolvemento do evento pola cantidade total patrocinada polo Concello, como mínimo. A presentación destas facturas realizarase unha vez rematado o mencionado Encontro Tecnolóxico.

A partida orzamentaria á que se cargará este gasto é a 227.06.02, “Convenios”, do programa 111.0, Alcaldía, do orzamento prorrogado actualmente en vigor.

Sétima.- Este convenio entrará en vigor unha vez que o correspondente expediente administrativo estea rematado. En todo caso, rematará obrigatoriamente o día 31 de decembro de 2004.

Oitava.- Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento e Coordinación, composta por dúas persoas nomeadas a tal efecto pola Alcaldía do Concello de Vigo, e por outras dúas nomeadas por DETEGA.

Novena.- O presente convenio poderá quedar resolto por incumprimento das condicións estipuladas no mesmo por calquera das partes, oída a Comisión de Seguimento e Coordinación, e notificada por escrito.

E, en proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados.

2(853).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/22730/04, DENEGACIÓN EXPTE. 40051124.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado o Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar a D^a Mercedes Román Morán. Expte. 14/22730/04.

2º.- Denegar a prestación do Servizo de Axuda no fogar a D^a Mercedes Conde Falque. Expte. 40051124.

3(854).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA REGATA DE TRAIÑAS BANDEIRA CONCELLO DE VIGO QUE SE REALIZARÁ O 18.07.04. EXPTE. 4558/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.06.04 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.04.04, conformado pola concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para a celebración da Regata de Traiñas Bandeira Concello de Vigo, entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que se adxunta o presente expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 18.000 euros a favor da entidade; Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752. Con enderezo en Elduayen- Vigo 36210. (c/c: 0049-0557-78-2710046976 con cargo á partida 4521.226.08.00 do vixente presuposto.

3º.- Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración e de acordo as características especiais deste evento:

O 50% (9.000€) do importe total proposto, será tramitado como gastos a xustificar a través da conta habilitada da Concellería de Deportes na entidade Caixanova nº 2080-0000-07-0040270465, de cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte do Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752.

O resto abonarase directamente a entidade Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752, coa certificación e presentación da facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA REGATA DE TRAIÑAS BANDEIRA CONCELLO DE VIGO QUE SE CELEBRARA O DÍA 18 DE XULLO DE 2004.

No Concello de Vigo, a de do dous mil catro .

Dunha parte: D. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Manuel Frade Castro, con DNI 35817633 D en nome e representación do Real Club Náutico.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización da regata de Traiñas Bandeira Concello de Vigo, que con grande éxito e tradición vense celebrando, o Excmo. Concello de Vigo e o Rel Club Náutico de Vigo conveñen a realización da Regata de Traiñas o vindeiro día 18 de xullo de 2004, nos seguintes termos:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- O Excmo. Concello de Vigo comprometese a:

- 1.1.- Autorizar a organización da Regata de Traiñas Bandeira Concello de Vigo ó Real Club Náutico de Vigo para a celebración da mesma o vindeiro 18 de xullo de 2004.*
- 1.2.- A colaboración na organización dos medios necesarios para a instalación dun palco, instalación de megafonía, así como a cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante a data de celebración da Regata de Traiñas.*
- 1.3.- Aboar o Real Club Náutico de Vigo co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos relacionados coa organización e celebración da Regata de Traiñas Bandeira Concello de Vigo a cantidade de 18.000euros, con cargo á partida 4521.226.08.00 da Concellería de Deportes, en función dos seguintes termos:*
 - 1.3.1.- A sinatura do presente convenio, aboarase o 50% (9.000€), do importe total proposto, de ara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte do Real Club Nautico de Vigo.*

Este primeiro pago realizarase a través da conta habilitada da Concellería de Deportes na entidade Caixanova nº 2080-0000-07-0040270465 como gastos a xustificar.

1.3.2 O resto do importe abonarase coa certificación e presentación de facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

SEGUNDA.- O Real Club Náutico asume as seguintes obrigas:

- 2.1.- Organizar a Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo, para o día 18 de xullo de 2004, asumindo as responsabilidades sobre os seguintes medios:
 - a) Medios necesarios humanos e materiais para facilitar o acceso das embarcación.
 - b) Embarcacións auxiliares para a regata.
 - c) Coordinación sobre a sinalización do percorrido.
 - d) Coordinación montaxe palco, megafonía, etc.
 - e) Solicitar os permisos necesarios.
 - f) Reunión e recepción delegados equipos.
 - g) Actos de entrega de premios.
 - h) Confección da Bandeira da proba.
 - i) Asumir os pagamentos dos premios entre os vencedores segundo os datos do presente convenio.
- 2.2.- En tódala información e publicidade do Evento figurará o logo da Concellería Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.
- 2.3.- A organización porá a disposición da Concellería de Deportes as invitacións necesarias para a promoción do evento na Cidade.
- 2.4.- Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial da Regata de Traíñas Bandeira Concello de Vigo.
- 2.5.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.

TERCEIRA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose o Real Club Náutico de Vigo a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización da referida Bandeira de Traíñas.

A Concellería de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

CUARTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da Bandeira de Traíñas o vindeiro 18 de xullo de 2004.

QUINTA: A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

4(855).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA EMPRESA M&M JUVESPORT PARA A REALIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO ESPRAIATE OS DÍAS 31 DE XULLO E 1 DE AGOSTO NA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 4592/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a empresa M&M JUVESPORT co patrocinio da Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia a organizar dende os días 31 de xullo e 1 de agosto de 2004, o programa Espráiate 2004 que se desenvolvería na praia de Samil a carón das instalacións deportivas municipais do Instituto Municipal dos Deportes, en horario de mañá e tarde. Para este evento a empresa organizadora ten previsto montar dous parques temáticos, un na area da praia e outro na auga, na zona que está a carón das instalacións deportivas municipais. Estes parques temáticos estarán divididos en zonas en función da idade dos participantes.

O montaxe das instalacións farase o día 30 de xullo e o desmontaxe das mesmas o día 2 de agosto de 2004.

Para o montaxe deste evento a empresa solicita que se lle facilite polo Concello de Vigo o seguinte:

- Proporcionar unha toma de corrente de 25.000 W da que saíran dous cadros (proporcionados pola organización) para 12.500 W cada un, para o que solicitan que un electricista do concello realice esta instalación
- Proporcionar un tractor con operario durante a xornada de montaxe (venres de 10:00 h. a 18:00 h).
- Proporcionar unha carretilla elevadora 4X4, ou unha pala con pinzas similares as de unha carretilla, con operario e con capacidade de carga non inferior os 2.000 kg. Esta carretilla ou pala estará homologada para tracción sobre area de praia con cargas de 1.200 kg.. O uso desta carretilla ou pala será o venres día 30 de 10:00 h. a 12:30 h. e o luns día 2 de agosto de 10:00 h. a 14:00 h.
- Proporcionar tres contedores grandes de lixo para recoller os desperdicios que se xeren.
- Proporcionar unha toma de auga, con caudal suficiente, para encher os elementos estancos utilizados coma contrapesos das actividades instaladas.

A empresa organizadora comprometése a:

- Que o evento referido cumpra a normativa de seguridade en eventos de ocio terrestre e náuticos, obrigando os usuarios a:
 - Portar o chaleco salvavidas e permanecer na zona delimitada do parque acuático.
 - Seguir as normas de comportamento xerais establecidas pola organización e publicadas nos taboleiros informativos situados na entrada.
- Ter un seguro de responsabilidade civil.
- Deixar a area da praia en perfecto estado de limpeza e hixiene.

5(856).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB MOTO PAPAYA E PEÑA MOTORISTA VENDA BRAVA PARA A REALIZACIÓN DUNHA PROBA MOTOCICLISTA DE SUPERCROSS EN BEMBRIVE O DÍA 24.07.04. EXPTE. 4576/333.

Examinadas as actuacións do expediente vista a solicitude Moto Club Papaya e a Peña Motorista Venda Brava e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o club Moto Club Papaya e a Peña Motorista Venda Brava a organizar o vindeiro día 24 de xullo de 2004, unha proba motociclista de supercross puntuable para o campionato galego desta modalidade que se desenvolvería no Campo das Plantas e terreo anexo en Bembrive, para o que contan con autorización da Entidade Local Menor de Bembrive.

6(857).- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS E A EMPRESA EVENTO GLOBAL ORGANIZIA PARA REALIZAR ENCONTROS DUN TORNEO DE TENIS PRAIA NO VAO OS DÍAS DO 5 Ó 8 DE AGOSTO DE 2004. EXPTE. 4591/333.

Examinadas as actuacións do expediente vista a solicitude da Federación Galega de Tenis e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Federación Galega de Tenis xunto coa empresa Evento Global Organizia a organizar dende os días 5 ó 8 de agosto de 2004, diferentes encontros dun torneo de Tenis Praia que se desenvolvería na praia do Vao, nas instalacións deportivas portátiles que se van a instalar para a realización de diferentes actividades deportivas que está previsto que se celebren durante o verán de 2004, en horario de mañá e tarde.

7(858).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DO CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVÉS REALIZADO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 4573/333.

Examinadas as actuacións do expediente vista a solicitude da Federación Galega de Deportes para Minusválidos Psíquicos e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a devolución da fianza depositada pola Federación Galega de Deportes para Minusválidos Psíquicos por importe de 300,00 € con data 04.02.04, co gallo da celebración no Parque de Castrelos do Campionato Galego de Campo a Través o día 18 de febreiro de 2004.

Fianza:

Data: 04/02/2004.

Núm. operación:200400004742

Tipo de operación: OIF

8(859).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO 2004. EXPTE. 2249/77.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 29.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

No marco dos Programa de Cooperación que a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais establece na Orde do 5 de febreiro de 2004 (que regula as axudas e subvencións para o fomento do emprego polas entidades locais, subvencionando en parte a contratación polas Corporacións Locais de traballadores desempregados para a execución de obras e servizos de interese xeral e social), a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou subvención para a realización dos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de marzo de 2004 (expediente nº 2249/077; achégase copia do acordo). Así, con data 18 de xuño de 2004, o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego recibe fax da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais coas Resolucións aprobatorias (da mesma data) das subvencións concedidas, especificando que as obras deberán iniciarse dentro dos trinta días naturais á data de inicio prevista no anexo (28 de xuño de 2004). Estas Resolucións consisten nas seguintes subvencións:

<i>Denominación do proxecto</i>	<i>Subvención concedida</i>	<i>Traballadores</i>	<i>Duración (meses)</i>
<i>Conservación de zonas verdes</i>	<i>66.325,16</i>	<i>6 oficiais; 9 peóns</i>	<i>6</i>

<i>Actuacións de mellora e mantemento urbano</i>	81.841,61	1 licenciado; 10 oficiais; 6 peóns; 1 auxiliar	6
TOTAL	148.166,77		

Aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o pasado 7/06/04 entre o Goberno municipal e os sindicatos CC.OO, UGT e CIG, e vixente na actualidade, a cofinanciación por parte do Concello necesaria para realizar estas contratacións ascendería a euros, como pode verse na seguinte táboa:

<i>Denominación do proxecto</i>	<i>Subvención concedida</i>	<i>Custos totais estimados segundo Acordo de aplicación</i>	<i>Cofinanciación necesaria</i>
<i>Conservación de zonas verdes</i>	66.325,16	88.813,62	22.488,46
<i>Actuacións de mellora e mantemento urbano</i>	81.841,61	109.533,12	27.691,51
TOTAL	148.166,77	198.346,74	50.179,97

Deste xeito, desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a dar os pasos necesarios para iniciar os correspondentes expedientes de xeración de crédito relativos á subvención aprobada, modificación de crédito necesaria, así como no referido ó procedemento de selección dos participantes (recollido no Expte 2373/077 “Procedemento de selección de beneficiarios/as Programas de Cooperación 2004”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 14/06/04).

O que se comunica á Corporación municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

9(860).- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA LABORA-XUVENTUDE CON EXPERIENCIA PARA O ANO 2004. EXPTE. 2248/77.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 29.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Na Orde do 29 de xaneiro de 2004 se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións para a contratación por parte das entidades locais de traballadores desempregados beneficiarios do Programa Labora: Xuventude con experiencia, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social e se procede á súa convocatoria por parte da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

No marco deste programa dirixido á contratación, necesariamente por un período de doce meses, de traballadores/as incorporados/as a unha base de datos tras subscribir un documento de adhesión, menores de 30

anos e sen experiencia laboral, a Consellería, utilizando o contrato temporal de inserción, subvenciona a base mínima do grupo de cotización maila cotización á Seguridade Social das contratacións que se realicen, que, segundo o establecido no vixente Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, se corresponde coas retribución que percibirán os beneficiarios que finalmente participen no citado programa así como coas correspondentes cotizacións empresariais

A Xunta de Goberno Local do 30 de marzo de 2004 aprobou a totalidade das memorias redactadas por diferentes departamentos municipais referentes ós “servicios” a prestar mediante o “Programa Labora” e o 31 de marzo de 2004 preséntanse na delegación provincial da Consellería as solicitudes de subvención para esas memorias. O 14 de xuño de 2004 a Xunta de Goberno Local aprobou o procedemento de selección do persoal a contratar polo Concello de Vigo no marco do Programa Labora (Exp. 2372/077).

Posteriormente, con data 10 de xuño de 2004 esta concellería recibiu as Resolucións aprobatorias da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, concedendo subvencións, no marco do Programa Labora, para a realización dos seguintes servicios:

Departamento municipal solicitante	Denominación do proxecto	Traballadores/as	Duración (meses)	Subvención concedida*
Turismo e Comercio	“Vigo paso a paso”	3 diplom. empresas e activ. turíst. Total: 3	12	31.436,32
Arquivo	“Catalogación e inventario do arquivo municipal de Vigo”	9 licenciados en historia 1 auxiliares administrativos Total: 10	12	122.149,74
Xuventude	“Actualización e organización da Biblioteca e Área de documentación da casa da Xuventude”	1 licenciado en Historia Total:1	12	12.629,48
Deportes	“Inventario e actuacións para as instalacións deportivas de Vigo”	1 arquitecto 2 FPII Delineación de edificios 1 FPII Desenv. Aplicac. Informátic. Total:4	12	38.082,67
Voluntariado	“Oficina de Voluntariado”	1 licenc. psicolox., sociol., polític. 1 educador soc., traballador soc. Total: 2	12	23.108,25
Cedro	“Actualización de protocolos de coordinación interinstitucional”	1 diplomado traballo social Total: 1	12	10.478,77
Gabinete de prensa	“Xornal dixital, tarefas de apoio”	1 licenc. Periodismo Total: 1	12	12.629,48
Biblioteca Pública Central de Vigo	“Contol e catalogación dos fondos da Biblioteca Pública Central”	3 licenciados Total: 3	12	37.888,45
Muller	“Visualización e incorporación	1 licenc Socioloxía	12	12.629,48

	<i>da perspectiva de xénero...</i>	<i>Total:1</i>		
<i>Casa Galega da Cultura</i>	<i>“Informatización dos arquivos da Casa Galega da Cultura”</i>	<i>2 licenc. Historia 1 licenc. filoloxía galega Total:3</i>	<i>12</i>	<i>37.888,45</i>
<i>Casa Galega da Cultura</i>	<i>“Actualización da informatización de fondos das bibliotecas da Casa Galega da Cultura”</i>	<i>2 licenc. Historia Total:2</i>	<i>12</i>	<i>25.258,96</i>
<i>Educación</i>	<i>“Dinamización da mediateca do IME”</i>	<i>2 licenc. Historia Total:2</i>	<i>12</i>	<i>25.258,96</i>
TOTAL PROGRAMA LABORA			33	389.439,01

* Esta subvención cubre os custos salariais totais previstos na realización das contratacións mediante contratos de inserción.

Na actualidade, por parte deste Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a realizar as xestións oportunas para a posta en marcha destes proxectos: solicitude á Oficina municipal de Intervención da xeración do crédito correspondente ás subvencións concedidas e presentación diante do Servicio Público de Emprego das correspondentes ofertas xenéricas.

O que se informa á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

10(861).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DAS FESTAS DE STA. BAIÁ (ALCABRE), STA. CRISTINA E O ROSARIO (LAVADORES). EXPTE. 69745/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.06.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración de diversas festas nos días que se relacionan a continuación:

FESTAS	DIAS
Santa Baía de Alcabre	10, 11, e 12 de xullo
Santa Cristina de Lavadores	23, 24 e 25 de xullo
O Rosario de Lavadores	1, 2 e 3 de outubro

nas zonas marcadas e delimitada nos planos que se achegan, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou

invadí-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán presentar unha Póliza de Responsabilidad Civil Complementaria da presentada na que se inclúan os posibles riscos derivados das instalacións desmontables portátiles que foran construídos con carácter provisional ou estruturas metálicas, para a totalidade das festas por estar expresamente excluídos da póliza de seguros presentada.

Ten a obriga de incluír na dita Póliza unha cobertura de responsabilidad Civil até 3.000 € polos posibles danos producidos ao Patrimonio Municipal no lugar onde se realicen os festexos por estar así mesmo excluídas da Póliza Municipal:

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

11(862).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA A REALIACIÓN DE CINE Ó AIRE LIBRE NO PARQUE MUNICIPAL DA RIOUXA OS DÍAS 9, 16 E 23 DE XULLO. EXPTE. 69783/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 29.06.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR ó PLAN COMUNITARIO DE TEIS á ocupación do espazo público para a celebración para a celebración de CINE Ó AIRE LIBRE, no Parque MUNICIPAL DA RIOUXA, os días 9, 16 e 23 de xullo de 2004.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Deberán incluír unha garantía por posibles danos ó patrimonio municipal por valos de 600 €.
- ✓ Horario autorizado: de 10 a 24 horas.
- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

12(863).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ASOCIACIÓN CULTURAL FOLÍA E A A.VV. DE TEIS PARA CELEBRAR A ROMARÍA POPULAR “II FOLÍA DE TEIS” NA CARBALLEDA DE A GUÍA O 10.07.04. EXPTE. 69749/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.06.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN CULTURAL FOLÍA e á A.VV. DE TEIS á ocupación da vía pública para a celebración da Romaría Popular "II FOLÍA DE TEIS", na Carballeda de A Guía, o 10 de xullo do ano en curso.

Os organizadores deberán adopta-las preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Horario autorizado: De 16 horas até 00 horas.
- ✓ Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores da carballeira do Parque da Guía.
- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

13(864).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO BNG PARA CELEBRAR NO PARQUE DE CASTRELOS O “DÍA DA PATRIA” O DÍA 18.07.04. EXPTE. 69599/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 29.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR ao BNG á ocupación do espazo público para a celebración do encontro nacionalista co gallo do DIA DA PATRIA no Parque de Castrelos, no espazo comprendido entre a entrada do Auditorio e o río lagares incluído o palco exterior, o día 18 de xullo do ano en curso.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ao departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse as seguintes normas:

- ✓ Deberán incluír unha garantía por posibles danos ó patrimonio municipal por valos de 600 €.
- ✓ Horario autorizado: de 10 a 24 horas.
- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

14(865).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE TAREFAS REFERENTES Á XESTIÓN DE EXPEDIENTE E Á WEB DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1536/113/04.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de bases técnicas asinado polo xefe do servizo de Informática, do 12.05.04, e o prego de cláusulas administrativas do 8.05.04, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, ambos para a contratación por procedemento negociado do servizo de desenvolvemento de tarefas referentes a xestión de expedientes e a web do Concello de Vigo; visto o informe xurídico do 18.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 8.06.05, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Autoriza-lo gasto máximo de 90.000 euros para a prestación do servizo de desenvolvemento de tarefas referentes a xestión de expedientes e a web do Concello de Vigo que se imputarán da forma seguinte .

Ano 2004 corresponden 52.500 €,

- 26.250 € da partida 1217 2270603 do Concello.

- 26.250 € da partida 4320.2270600 da Xerencia de Urbanismo.

Ano 2005 corresponden 37.500 €,

- 18.750 € da partida 1217 2270603 do Concello.
- 18750 € da partida 4320.2270600 da Xerencia de Urbanismo.

2º.- Aprobá-las bases técnicas e o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da prestación do servizo de desenvolvemento de tarefas referentes a xestión de expedientes e a web do concello de Vigo .

3º.- Negociar coa Universidade de Vigo a contratación do servizo.

15(866).- MODIFICACIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXIANCIA NO MUSEO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN DO QUE É ADXUDICATARIA A EMPRESA SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 355/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 7.06.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, o xefe de Réxime Interior e a interventora xeral, que di o seguinte:

Na sesión de 15-07-2002 da Comisión de Goberno acordouse adxudicar a Securitas Seguridad España, S.A. o contrato para a prestación do servizo de vixiancia no Museo municipal Quiñones de León.

Na cláusula 5 do prego de condicións administrativas establececese como prazo do mesmo o de 2 anos dende o día seguinte a sinatura do contrato (09-10-2002), coa posibilidade de prorroga-la súa vixencia por períodos anuais ate un máximo de dous.

O importe do gasto imputable o ano 2004 para a prorroga do contrato se establece en 34.940 euros.

Tamén o director do Museo solicita a ampliación do número de horas do contrato ata o 14-07-2004 por mor das baixas do persoal municipal adscrito ó museo, o número de horas a ampliar é de 200 de martes a venres e 75 horas de sabados e festivos o que supón un incremento no custo do contrato de 3925 euros.

O artigo 101 do Texto refundido a Lei de Contratos das Administracións Públicas prevé a modificación do contrato por razón do interese público nos elementos que integran o contrato e sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificando esas circunstancias no expediente.

O director do museo xustifica as novas necesidades do servizo nas baixas do persoal municipal adscrito ó museo .

A modificación do contrato non supera o 20% do prezo inicial do contrato, polo que de acordo cos artigos 101 e 214 do Texto refundido da Lei de Contratos das administracións públicas é obrigatoria para o contratista.

O gasto que xenere a modificación do contrato podese imputar á partida 451.3.227.01.01 do presuposto do ano 2004

A vista das anteriores consideracións, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

1º Modifica-lo contrato para a prestación do servizo de vixancia no Museo municipal Quiñones de León. do que é contratista a empresa Securitas Seguridad España, S.A., no sentido de amplia-lo número de horas de prestación do servizo en 200 de martes a venres e 75 horas de sabados e festivos o que supón un incremento no custo do contrato de 3.925 euros que se imputaran a partida 451.3.227.01.01 do actual presuposto.”

2º Prorroga-lo contrato do servizo de vixancia no Museo municipal Quiñones de León. do que é contratista a empresa Securitas Seguridad España, S.A. polo periodo 10-10-2004 a 09-10-2005. O gasto do contrato no ano 2004 fíxase en 34.930,35 euros que se imputaran a partida 451.3.227.01.01 do actual presuposto.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

16(867).-MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXIANCIA NOS CENTROS CÍVICOS DO CONCELLO DE VIGO SUBSCRITO CON SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. EXPTE. 343/321.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do 14.06.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, o xefe de Réxime Interior e a interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de 02-06-2003 adxudicou a Securitas Seguridad España, S.A. o concurso para a prestación do servizo de vixancia nos centros cívicos do concello de Vigo por un importe anual de 55.000 euros.

O xefe do servizo de Atención Cidadá en informe que se achega no expediente expon as novas necesidades que motivan a ampliación do servizo de vixancia pola entrada en servizo do Auditorio do centro cívico de Teis.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificandoo debidamente no expediente.

De acordo co informado polo xefe do servizo de Atención Cidadá o aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse partida 4631.227.01.00., en canto o gasto a imputar fíxase na cantidade de 1.102, euros mensuais, polo que o gasto a imputar dende o 01-07-2004 ate o día 31-07-2005 (data de finalización do contrato) será de 14.326 euros, esta cantidade non supera o 20% do prezo do contrato xa que para os dous anos de prazo é de 110.000 euros.

Por iso, proponse a adopción do seguinte acordo:

Modificar o contrato da prestación do servizo de vixancia nos centros cívicos do concello de Vigo subscrito coa empresa “Securitas Seguridad España, S.A., S.A.” no sentido de cubrir a vixancia do Auditorio de Teis mediante 4 roldas de vixancia tódolos días en horario de 22.00 a 08.00 horas as que se engadiran os sabados, domingos e festivos dúas roldas máis en horario de 08:00 horas a 21:00 horas .

O prezo anual modificado do contrato fíxase na cantidade de 68.724,00 euros, pero o gasto ata o 31-12-2004 é de 6.612,00 euros que se imputarán a partida 4631.227.01.00.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

17(868).-DAR CONTA DO ACORDO PLENARIO DE DATA 28.06.04 QUE AUTORIZA A IMPLEMENTACIÓN DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE NECESARIA PARA ACOMETER OS CUSTOS DO PROGRAMA DE DISPONIBILIDADE HORARÍA DA POLICÍA LOCAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2004. EXPTE. 15095/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2004, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xuño de 2004, o xefe da Unidade de Persoal, coa conformidade da Alcaldía-Presidencia, informa do que segue:

“Con motivo da aprobación dun novo programa de dispoñibilidade horaria para a Policía Local referido ó primeiro semestre de 2004, resulta necesario acometer unha nova modificación orzamentaria dentro do capítulo primeiro e poder facer fronte, deste xeito, ós custos do programa.

No vixente orzamento prorrogado atópanse vacantes os seguintes postos no servizo da Policía Local (cod. 212):

- a) 30 postos de Garda da Policía Local, que foron nomeados funcionarios en prácticas e que tomaron posesión da súa praza con data 9 de xaneiro de 2004, e que durante o primeiro semestre do presente ano, mentres realicen o regulamentario curso de formación na Academia Galega de Seguridade, percibirán unicamente o salario base do posto de traballo que figura no orzamento.*
- b) 23 postos de Garda da Policía Local que corresponden a vacantes non cubertas na OEP correspondente ó ano 2001, xubilacións, invalideces, excedencias voluntarias ou falecemento dos seus titulares durante o pasado ano 2003.*
- c) 1 posto de Cabo da Policía Local, vacante por se atopar en situación de excedencia voluntaria quen o ocupaba, por ascenso a Suboficial.*

- d) 2 postos de Sarxento da Policía Local, vacantes por se atopar en situación de excedencia voluntaria quen os ocupaban, por ascenso a Suboficial.

Como queira que os postos contidos nos apartados b), c) e d) non van ser ocupados alomenos ata o 1 de xullo de 2004, os seus créditos poderían ser utilizados a trimestre vencido, nunha vindeira modificación orzamentaria con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan. Así mesmo, poderían utilizarse os créditos dos 30 postos contidos no apartado a) no que respecta ás retribucións complementarias, toda vez que estas non poden ser aboadas ós interesados ata que sexan nomeados funcionarios de carreira ou ata que as prácticas as realicen facendo tarefas propias dos funcionarios do corpo para as que non sexa preciso contar coa condición de funcionarios de carreira, no que neste caso, se lle aboarían tamén as retribucións complementarias do posto durante o tempo que realicen ditas funcións (que en todo caso tería lugar durante os meses de xullo e setembro de 2004).

	POSTO	SERVICIO	PART.	Nº POST	BASICAS (PART. 120.00.00)	COMPLEMENT . (PART. 121.00.00)	TOTAL POR PRAZA	TOTAL PRAZA
99	Sarxento Pol.Local	Policía Loc.	222,2	2	4.552,89 €	7.624,11 €	6.088,50 €	12.177,00 €
126	Cabo Policía Local	Policía Loc.	222,2	1	1.861,41 €	3.044,04 €	4.905,45 €	4.905,45 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	30		86.265,00 €	2.875,50 €	86.265,00 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	19	36.527,46 €	54.634,35 €	4.797,99 €	91.161,81 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	3	6.914,79 €	8.626,47 €	5.180,42 €	15.541,26 €
TOT				55	49.856,55 €	160.193,97 €		210.050,52 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	451,1	1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
TOT				1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
TOT								215.286,39 €

A transferencia de créditos obxecto desta proposta enténdese necesaria para facer fronte ós compromisos de gasto imputables á partida de productividades, claramente diminuída como consecuencia da recente implantación dun Programa de dispoñibilidade horaria para o persoal adscrito ó corpo da Policía local durante o primeiro semestre de 2004, actuación que obviamente non estaba orzamentada no actual orzamento prorrogado.”

Polo exposto e entendendo competente o Pleno do Concello para autorizar as implementacións das partidas de productividades (artigo 5.5 do RD 861/86, do 25 de abril), o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 121.0.150.00.00 –productividade-, aplicando os créditos non consumidos durante os meses de abril, maio e xuño de 2004, nas partidas e servicios que a continuación se relacionan, por unha contía de 215.286,39 €, segundo o resume de créditos seguintes:

	POSTO	SERVICIO	PART.	Nº POST	BASICAS (PART.120. 00.00)	COMPLEMENT (PART. 121.00.00)	TOTAL POR PRAZA	TOTAL PRAZA
99	Sarxento Pol.Local	Policía Loc.	222,2	2	4.552,89 €	7.624,11 €	6.088,50 €	12.177,00 €
126	Cabo Policía Local	Policía Loc.	222,2	1	1.861,41 €	3.044,04 €	4.905,45 €	4.905,45 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	30		86.265,00 €	2.875,50 €	86.265,00 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	19	36.527,46 €	54.634,35 €	4.797,99 €	91.161,81 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	3	6.914,79 €	8.626,47 €	5.180,42 €	15.541,26 €
TOT				55	49.856,55 €	160.193,97 €		210.050,52 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	451,1	1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
TOT				1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
TOT								215.286,39 €

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para que autorice expresamente a transferencias de créditos das anteriores partidas, segundo o disposto no artigo 179.2 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Terceiro.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do precedente acordo do Pleno do Concello.

18(869).-RENUNCIA DA ASISTENTE SOCIAL Dª Mª JESÚS SANROMÁN VARELA Ó POSTO DE XEFA DE SECCIÓN DE COORDINACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS E ADSCRIPCIÓN PROVISORIA DE Dª PAZ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Ó CITADO POSTO. EXPTE. 15134/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o escrito presentado pola empregada laboral deste Concello, Dª Mª Jesús Sanromán Varela con categoría profesional de asistente social, de 23.02.04, polo que solicita a súa renuncia ao posto de traballo de xefa de Sección de coordinación de servizos sociais, así como do escrito posterior da Xefatura do respectivo sector de 27.04.04, no que se propón á traballadora Dª Paz Fernández Fernández, coa mesma categoría profesional, para o desempeño provisorio do posto, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 28.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Cesar, a petición propia, á asistente social Dª. Mª. Jesús Sanromán Varela no posto de traballo de Xefa de sección de coordinación de servizos sociais (Código 301.05), e adscribir provisoriamente á asistente social Dª. Paz Fernández Fernández ao referido posto de traballo.

En consecuencia, adscríbese á Dª. Mª. Jesús Sanromán Varela ao posto base de asistente social (código 301.02) que viña ocupando ata a data a Sra. Fernández Fernández.

A presente resolución terá efectos económicos e administrativos a partires do día seguinte á súa adopción.

19(870).-RECURSOS DE REPOSICIÓN PRESENTADOS POR D. XOSÉ ADONIS ALVAREZ MARTÍNEZ E D. XOSÉ MANUEL CRESPO BASTOS CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26 DE ABRIL DE 2004, SOBRE CONCESIÓN AXUDAS EXTRAORDINARIAS DO FONDO SOCIAL. EXPTE. 15123/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 23.06.04, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 26 de abril de 2004, a Xunta de goberno local, previos os oportunos informes da Intervención xeral e máis desta Unidade de persoal, adoptou acordo relativo á concesión de axudas extraordinarias con cargo ao Fondo de acción social, resolución na que se facía constancia expresa das solicitudes rexeitadas o entender que o feito causante non revestia o carácter de grave e extraordinario .

Contra dito acordo, os empregados municipais Sres. D. Xosé Adonis Alvarez Martínez e D. Xosé Manuel Crespo Bastos presentan dúas reclamacións, de datas 26 de maio e 10 de xuño de 2004, respectivamente, ás que se lle pode da-la consideración de recurso potestativo de reposición aínda que non se indique concretamente a natureza deste recurso polos recorrentes (artigos 110.2 e 116 da lei 30/92, de RXAP e PAC).

Considerando que o antedito acordo recorrido non foi obxecto de notificación expresa aos interesados senón de exposición pública no Taboeiro de edictos (do 19 de maio ao 7 de xuño de 2004) , debense ter por presentados ámbolos dous recursos en tempo e forma .

Visto o contido dos recursos cúmpre concluir:

Con relación á reclamación presentada por D. Xosé Manuel Crespo Bastos, debe proceder o seu rexeitamento, logo que, con independencia de que o feito causante desta solicitude de axuda poida te-la difícil consideración de grave e extraordinaria, resulta a maiores que o recorrente xa percibiu por este mesmo feito causante outra axuda extraordinaria no mes de abril de 2003, resultando absolutamente improcedente unha duplicidade de pagos polo mesmo concepto .

Con relación á reclamación presentada por D. Xosé Adonis Alvarez Martínez, achégase ao expediente un informe emitido polo facultativo designado pola MUTUA FREMAP como responsable do servizo médico do Concello de Vigo, Sr. López Vilar, no que considera totalmente xustificada a intervención quirúrxica obxecto desta axuda social, corroborándose deste xeito o informe médico emitido pola Clínica responsable da intervención. Consecuentemente , e a diferenza doutras intervencións médicas que pretendían ser sufragadas con cargo aos fondos de axudas sociais e que carecían da máis mínima extraordinariedade por non dicir necesidade de realización, entendemos pola contra que a intervención médica obxecto desta solicitude si reviste a natureza de grave e extraordinaria, resultando ademais que non está cuberta pola seguridade social .(aforramos transcribir ningunha referencia concreta co obxecto de non se incluír en acta datos suxeitos a especial protección).

Por todo iso, sometemos a cosideración da Xunta de goberno local previo informe de fiscalización da Intervención xeral , a seguinte proposta :

“ Desestima-lo recurso de reposición interposto por D. Xosé Manuel Crespo Bastos, de 10 de xuño de 2004, contra acordo da Xunta de Goberno local de 26 de abril de 2004, en atención ao informe precedente.

Estima-lo recurso de reposición presentado contra o antedito acordo por D. Xosé Adonis Alvarez Martínez, de 26 de maio de 2004, e en consecuencia concede-la axuda extraordinaria con cargo ao Fondo social, en atención ao informe precedente, por importe de 541 euros.

Contra o presente acordo non cabe interposición de recurso administrativo algún, sendo únicamente susceptible de recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende a súa notificación ou publicación “ .

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20(871).-CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL (POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS), POR UN PERÍODO DE 3 MESES, DE 3 AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL, PARA O SERVICIO DE ADMÓN. DE TRIBUTOS. EXPTE. 15122/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 4.06.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data 31 de maio de 2004, a directora de Ingresos solicita a adscripción de tres auxiliares administrativos xa que na actualidade a Administración de Tributos conta con unha dotación mínima suficiente de persoal administrativo e insuficiente de persoal técnico, o que leva a que nesta situación non é posible diluír as baixas de enfermidade, maternidade e mesmo as vacacións regulamentarias sen que se afecte de forma grave á xestión de ingresos e, en particular, á atención ós contribuíntes en ventanilla.

Dende finais do exercicio de 2003, sucedéronse varias baixas de longa duración de persoal con responsabilidade (tres xefas de negociado), así como outras dúas baixas por maternidade de persoal administrativo, que veñen impedindo organiza-las vacacións regulamentarias de forma en que en períodos puntas de traballo estean tódolos funcionarios.

Así mesmo a xestión da taxa de lixo vivendas e IBI do presente ano 2004 presenta problemática especial pola incorporación de 14.000 unidades urbanas por primeira vez este ano, sendo fácil prever que nos períodos de cobranza se produza unha afluencia superior de consultas e reclamacións a outros exercicios.

Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a traveso dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo da Xunta de Goberno Local, de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Asi mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

Por todo iso, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:

"Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos quince candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: FP-1, rama administrativa, sendo indispensable posuir coñecementos de ofimática (Microsoft Office).

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe da Administración de Tributos, un/unha funcionario/a municipal designado polo Comité de Persoal (encadrado nunha praza de nivel de titulación, cando menos, igual que a do posto a desempeñar) e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña tres candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos de ofimática (Microsoft Office), que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses."

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21(872).-CONVENIO COOPERACIÓN EDUCATIVA UNIVERSIDAD PONTIFICIA DE SALAMANCA-CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15122/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de recursos humanos da Unidade de Persoal, do 17.06.04, conformado polo xefe da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

A facultade de Comunicación da Escola Pontificia de Salamanca solicitou a sinatura dun convenio entre esta Institución e o Concello de Vigo, ao obxecto de que os seus alumnos poidan realizar un período de prácticas para completar a súa formación.

Os obxectivos a acadar coa realización das practicas son fundamentalmente ofrecer aos alumnos a posibilidade de contactar coa realidade das institucións laborais, observar a organización e dinámica das

institucións, colaborar na realización das tarefas do departamento de RR.PP- Prensa e efectuar actividades practicas de formación nesta Area.

Dado o interese que para ambas entidades supón reforzar a formación e capacitación dos estudantes universitarios, que debe considerarse beneficiosa tanto para a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade como para a mellor prestación dos servicios públicos.

Por isto, tendo en conta o contido do texto do convenio, a súa natureza e o feito de ser unha mera colaboración sen que poida caracterizarse de ningún modo como contrato e polo tanto excluído da Lei de contratos das Administracións Públicas en virtude do disposto no art. 3º.1.e), así como que o desenvolvemento deste convenio non implica relación laboral ningunha, nin gasto para o Concello ao estar asumidos todos os gastos que se poidan derivar destas prácticas pola facultade de Comunicación da Escola Pontificia de Salamanca e calquera eventualidade de accidente que puidera producirse durante a realización das practicas será contemplada a tenor do Seguro Escolar, de acordo coa Regulamentacion establecida polo Decreto 2078/71 de 13 de agosto,

Se propón a Xunta de Goberno municipal a adopción do seguinte acordo:

- a) Autorizar a sinatura do convenio entre D Javier Guerra Fernandez, Concelleiro delegado de Area de Xestión Municipal do Concello de Vigo, segundo Decreto de Delegación de Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xaneiro de 2004 e D Angel Losada Vazquez Decano da Facultade de Comunicación da Universidade Pontificia de Salamanca para a regulación da realización de prácticas que realicen os alumnos de dita Facultade, ao obxecto de completar a súa formación.*
- b) Todos os gastos derivados da realización das prácticas deberán ser asumidos integramente pola Facultade de Comunicación da Universidade Pontificia de Salamanca. En ningún caso o Concello de Vigo asumirá ningún gasto derivado do presente convenio, nin danos o perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias municipais como consecuencia do desenvolvemento do mesmo.*
- c) Este período formativo non constitue, baixo ningún concepto, una relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22(873).-RESOLUCIÓN CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA SUBSCRITO COA EMPRESA SOLOPLAN, SL. EXPTE. 14369/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 28.06.04, que di o seguinte:

En data 17 de xuño de 2004 polo presidente do Consello Consultivo de Galicia devólvese a este Concello certificación do Secretario Xeral de ese organismo que contén acordo da sección primeira referente a proposta de

resolución do contrato de asistencia técnica para revisión, comprobación e actualización do inventario municipal adxudicado a “Soloplan, S.L. expte. nº 14369/240 da que a súa parte resolutiva e do seguinte teor:

“Devolve-lo expediente de referencia sen a emisión do dictame preceptivo pola falta de proposta de resolución, así como pola omisión dos informes preceptivos do secretario e interventor da corporación, debendo, unha vez completadas tódalas actuacións procedimentais requiridas, someter de novo o expediente ó dictame deste Consello Consultivo”.

Efectivamente constátase que omitiuse involuntariamente a remisión de proposta de resolución e dicir o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 3 de maio de 2004, e igualmente a proposta do xefe da Área de Réxime Interior de 12 de abril no que figuraba o “intervenido y conforme la Interventora General,, asinado o 22.04.04” na mesma forlla do documento do referido xefe de Área, se ben non obstante tal omisión no envío da xerocopia do expediente, si constaba no expediente orixinal previo ó acordo da Xunta de Goberno Local de data 3.05.2004.

En relación coa omisión do informe preceptivo do Secretario Xeral do Concello por non considerarse por ese Consello que tal trámite poida emitirse polo Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local, aínda que o funcionario que ostenta tal cargo é de habilitación nacional, e secretario adxunto do Concello e que exerce as súas funcións de asesoramento a Xunta de Goberno Local –órgano contratante- da asistencia técnica do inventario municipal e a quen corresponde, como é o caso, a resolución contractual. Non obstante o Secretario Xeral do Pleno emite o seu informe ratificando nos seus termos o do titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local, transcribíndose de seguido o dito informe do Secretario Xeral de data 25.06.2004:

“INFORME DO SECRETARIO XERAL RESPECTO Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REVISIÓN, COMPROBACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL ADXUDICADO A “SOLOPLAN, S.L.”.

Interésase informe do Secretario Xeral por considerar a sección primeira do Consello Consultivo de Galicia na súa resolución de 7.06.2004 entre outros extremos, que non é suficiente o informe do Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local emitido en data 21.04.2004 por ser imprescindible que o emita o Secretario Xeral do Concello.

A efectos de dar cumprimento ó esixido, informo o seguinte:

Que examinado o expediente na fase procesual de instrucción, compróbase que tanto no aspecto substantivo de acordo coa normativa de aplicación ó contrato no seu día concertado coa empresa “SOLOPLAN, S.L.” e actualmente pendente de resolverse por incumprimento do prazo contractual, observáronse os correspondente preceptos legais e regulamentarios tal como se pon de manifesto no expediente e se recolle polo miúdo no informe-proposta de 12.04.2004 e igualmente déuselle resposta a cantos escritos e alegacións presentou o contratista e así mesmo concedéuselle prazo de audiencia do que fixo uso e se lle da resposta motivadamente a cantas cuestións tivo a ben plantexar tal como conta no referido informe do Xefe da Área de Réxime Interior.

Polo tanto o funcionario que subscribe de acordo co exposto ratifica integramente o informe do Titular do Órgano de Apoio da Xunta de Goberno Local de data 21.04.2004 e propón que a Xunta de Goberno Local ratifique o seu acordo adoptado en data 3.05.2004 que por omisión involuntaria non figuraba incorporado ó expediente enviado o Consello Consultivo de Galicia.

O presente informe emítase a efectos do previsto no artº 59 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administración Pública e 114.3 do texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril e demais preceptos concordantes ou complementarios”.

En razón ó exposto e visto o informe do Secretario Xeral da data referida e o xa obrante da Interventora Municipal de data 22.04.2004, proponse a Xunta de Goberno Local acorde:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Ratificar nos seus propios termos o acordo adoptado na sesión ordinaria do 03.05.2004 asunto 16.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REVISIÓN, COMPROBACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL ADXUDICADO A SOLOPLAN S.L. EXPTE. 14369/240, segundo o texto que se transcribe:

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 12.04.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

A efectos do presente informe-proposta de resolución contractual, indícase que o expediente trae causa do expediente de contratación de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo na súa reunión do 16.9.2003 formulou a seguinte proposta á Comisión Municipal e por acordo da Comisión de Goberno de 21.12.2001 a adxudicación do contrato recaeu na empresa "SOLOPLAN, S.L.", S.L. nas condicións contidas no dito acordo, se ben no apartado nº 4 da formalización en documento administrativo aínda que se fai constar que o prazo é de 12 meses, por tratarse un erro material que se constata en vista da oferta do adxudicatario que mellorou o prazo reducindo a once meses en lugar de dous o que comporta que o vencemento do contrato é o 31 de decembro de 2002, en lugar do 31 de xaneiro de 2003 tal como resultaría do clausulado da dita formalización do contrato.

A Comisión de Seguimento da execución do contrato constituída o 31 de maio de 2002, na súa reunión do 16.9.2003 formulou a seguinte proposta a Comisión Municipal de Goberno:

“Primeiro.- Aprobar y ratificar, en sus propios términos, el acta de la reunión de la Comisión de Seguimiento de 16 de setiembre de 2003.

Segundo.- Incoar expediente administrativo de resolución del contrato de Asistencia Técnica para la comprobación, revisión y actualización del Inventario Municipal de Bienes y Derechos y la formación del Inventario separado del Patrimonio Municipal del Suelo, concertado con la empresa “SOLOPLAN, S.L.”, por incumplimiento, por dicha empresa, de sus obligaciones contractuales al no haber ejecutado los trabajos concertados en el plazo total fijado para su realización en el contrato.

Terceiro.- Dar traslado del acuerdo de incoación a los Servicios Municipales correspondientes, así como a la empresa contratista “SOLOPLAN, S.L.”, otorgándole un plazo de diez días naturales a partir del siguiente a la recepción de la notificación del acuerdo de incoación para que puedan formular las alegaciones y presentar la documentación que en defensa de sus derechos tenga por conveniente.” A Comisión de Gobierno en data 20.10.2003 aprobou por unanimidade a dita proposta da Comisión Municipal de Gobierno.

A empresa adxudicataria “SOLOPLAN, S.L.”, en escrito de 24.11.2003 nº de entrada en rexistro 30103107, formula alegacións que en resume concréntanse:

- a) Que é incerto que se incumpriron os requirimentos que lle foron feitos pola Comisión de Gobierno, se ben erroneamente a referencia tiña que se facer a Comisión de Seguimento de 16.9.2003, que foi a que decidiu propoñela resolución contractual a Comisión de Gobierno.
- b) Que non existiu incumprimento constante pola empresa adxudicataria das súas obrigas e polo menos que lle sexan imputables exclusivamente a ela; que non se produciu “mora”, xa que logo a tardanza foi motivada pola non achega da documentación por parte das diferentes dependencias da Administración Municipal; que non se estableceu un criterio para efectualas valoracións dos bens e que mediaron circunstancias sobrevidas con motivo da promulgación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.
- c) Que o contrato entendeuse tacitamente prorrogado por ámbalas dúas partes contratantes pola necesidade de reaxuste dos termos contractuais.
- d) Que a execución do contrato realizouse conforme ó clausulado contractual; que se puxeron a disposición da Administración os medios humanos e materiais de obrigado cumprimento, incluso incrementándoos.
- e) Que se obstaculizou a entrada do persoal da contrata ás dependencias municipais para a continuación dos traballos, o que supón un aproveitamento para a administración municipal, incluídos os equipos e materiais de pertenza do contratista.
- f) Interesa a práctica de proba conforme os artigos 80 e 81 da Lei 30/1992.
- g) Invoca o artº 1258 do C.cv; que non se lle comunicou a extinción do contrato e invoca así mesmo o artigo 1124 do C.cv en relación cos cumprimentos contractuais e conclúe dicindo que de proseguilo procedemento incoado de cara a proseguilo procedemento de resolución do contrato, estaríase ante un suposto desestimento ou rescisión unilateral cos efectos que elo comportaría.

Á vista das alegacións feitas pola empresa e tomando en consideración os datos, informes, resolucións, requirimentos obrantes no expediente que se instrúe resulta:

1.- Que os requirimentos efectuados ó contratista obedeceron única e exclusivamente a incumprimentos contractuais en especial ó prazo de vencemento da asistencia técnica xa que o termo final extinguíase o 31 de decembro do ano 2002 e por outra banda outros incumprimentos contense nas actas da Comisión de Seguimento das datas: 11.9.2002; 10.2.2003; 19.5.2003; 3.7.2003 e 16.9.2003, reunións as que tamén asistiron representantes

da empresa coñecedores polo tanto das consideracións, análises e decisións adoptadas, ratificadas nalgunhas das actas pola Comisión de Goberno, segundo consta na documentación achegada ó expediente.

2.- En relación coa manifestación de non ter mediado por parte da empresa incumprimento continuo das obrigas contractuais e demais extremos recollidos no apartado letra b) precedente, rexéitanse, xa que logo a mora na contratación administrativa non precisa de intimación algunha, toda vez que o contratista ten a obriga de cumprilo contrato dentro de prazo establecido que se ben inicialmente estableceuse nos pregos de condicións en doce meses, o contratista adxudicatario mellorouno reducíndoo nun mes, extremo este que foi obxecto de valoración como criterio de adxudicación das ofertas (artº 95 do R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administración Públicas e 98 do vixente Regulamento de Contratos das Administración Públicas, aprobado por R.D. 10/98, de 12 de outubro de 2001), segundo este último precepto non é viable a ampliación do prazo ó órgano contratante pola resolución contractual e non pola imposición de penalidades. Rexéitase así mesmo a manifestación do empresario relativa a que existe unha prórroga tácita, as prórrogas tácitas en absoluto son permisibles na normativa de contratos das Administración Públicas agás en supostos concretos en que o atraso foxe producido por motivos non imputables ó contratista, circunstancia esta en absoluto aplicable ó presente suposto (nº 2 do artº 96 do citado R.D. Lexislativo 2/2000).

3.- Carece de relevancia a manifestación do contratista de ter observado o clausulado contractual e de ter posto a disposición da Administración os medios humanos, equipos e materiais, debido a que aínda que nos pregos de condicións se determinou unha existencia mínima en número e cualificación empresarial para a execución das prestacións, isto en modo algún pode eximir sen minorar a responsabilidade contractual do adxudicatario, xa que a obriga principal del é a de realizalas prestacións do contrato integramente pola súa conta tendo que dispoñer do persoa necesario e medios materiais, xa que o contrato concertado é un contrato de resultado. Respecto a alegación de que o Departamento de Patrimonio lle obstaculizou a entrada do persoal da contrata ás dependencias municipais tal como se lle comunicou ó contratista (escrito do Concelleiro-Delegado de 23.1.2004) obedeceu tal evento a unha circunstancia singular e illada motivada pola necesidade de efectuar unhas operacións técnicas nos servizos informáticos do Departamento non podendo, como pretende o contratista darlle a consideración de “suspensión do contrato”.

Respecto ó que solicita sobre recibimento a proba, o informante remítese ó posterior escrito do contratista de 8.1.2004 nº documento de entrada en Rexistro 40001349 e o decreto de 17.12.2003 os que se fará referencia seguidamente.

4.- En relación a alegación contida no apartado terceira e cuarta do escrito do alegante a referencia ó artº 1258 do C.cv descoñece o informante tal invocación da normativa privada nin sequera como lexislación supletoria xa que a perfección dos contratos administrativos prodúcese coa adxudicación definitiva por acordo do órgano municipal competente, neste cas, a Comisión municipal de Goberno e a súa execución rexese pola Lei de Contratos, disposicións de desenvolvemento da mesma e polo prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares neste suposto artº 94 do referido R.D. Lexislativo 2/2000, sorprendendo a manifestación de que o contratista ten dúbida respecto si as prestacións realizadas se axustan ou non as prescricións establecidas, xa que reiteradamente lle consta os incumprimentos, demoras, erros, etc. a través das reunións da comisión de Seguimento nas que estivo presentada a empresa, sendo de sinalar que o incumprimento mais grave é de non ter rematado e entregados os traballos ó 31.12.2002 e polo tanto sorprende que no seu escrito de 21.11.2003 lle ofrezca dúbida ó contratista sobre o cumprimento contractual.

O artº 1124 do C.cv non pode ser de aplicación debido a que segundo se establece no primeiro parágrafo, que a facultade resolutoria das obrigas enténdese implícita nas recíprocas, circunstancia que non concorre no

presente suposto porque é unicamente o contratista quen incumpriu e non a Administración contratante, xa que para que procedese tal facultade tería que o Concello incorrer en incumprimento, o que non é o caso, aducindo amais que tal precepto –1124– non resulta de aplicación alomenos plena xa que non se probou, como xa se dixo incumprimento algún por parte do órgano municipal, xa que non fixo alegacións en tal sentido e menos as acreditou.

Indicar que no que respecta a Administración municipal contratante, a través do órgano competente – Comisión de Goberno– non lle resulta de aplicación o referido artº 1124 do C.cv senón a normativa contractual administrativa na que os supostos de resolución contractual reenvíanse ó artº 111 da Lei de Contratos das Administracións Públicas e preceptos sucesivos cos efectos que para cada suposto legalmente se prebe nos ditos preceptos e nos regulamentarios do R.D. 1098/2001.

Por decreto do Concelleiro-Delegado de Patrimonio en data 17.12.2003 outorgóuselle ó contratista prazo de 10 días naturais para que este puidera formular proposición de proba a practicar no prazo legalmente establecido e a tales efectos en escrito de 8.1.2004 nº doc. 40001349 de entrada en Rexistro Xeral, propuxo as de natureza documental e testifical e co alcance que para cada unha se determina no dito escrito, especificando os extremos polos que se pretende a acreditación do que lle interesa.

Por resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004 unicamente se admiten a práctica da proba consistente na incorporación ó expediente da totalidade das actas de datas 30.5.2002; 11.9.2002; 12.2.2003 e 19.5.2003 da Comisión de Seguimento do contrato de asistencia técnica (apartado letra a) do nº 1) e do escrito referido rexéitanse o resto das probas propostas polos motivos que en cada caso constan no apartado segundo do Decreto do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004, achegado ó expediente.

Contra a resolución do Concelleiro-Delegado de 19.1.2004 xa referida, a empresa interpón recurso administrativo invocando, en síntese, como fundamento de carácter procedimental o artº 107 da Lei 30/1992 e o artº 25 da Lei 29/1998 reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa e outras de orde substantivo, argumentando que a resolución incorre en nulidade absoluta; mantén a súa petición e aduce o que tivo por conveniente en relación coa práctica das demais probas interesadas no seu escrito de referencia e conclúe se emita a certificación no seu día interesada en tódolos extremos que concretou e conseguintemente e suscita se rectifique a resolución do Concelleiro de data 23.1.2004.

A empresa “SOLOPLAN, S.L.” en escrito de entrada en Rexistro Xeral o 20 de febreiro de 2004 nº documento 40017639 di que durante os días 2, 3 e 4 de febreiro de 2004 persoal da empresa non puido reinicialas tarefas propias do contrato adxudicado, constatando modificacións e alteracións substanciais en diversos epígrafes do inventario xeral de bens e dereitos e no separado do patrimonio municipal do solo. O arquitecto municipal emite informe e nel precisa que segundo se deixou constancia en reunións sucesivas, da Comisión de seguimentoponse de manifesto a total falta de rigor profesional tanto en dar cumprimento ós traballos adxudicados conforme os pregos de condicións así como polo contido das fichas efectuadas e presentadas con multitude de erros que, no seu criterio, débense a descoñecemento, desidia e falta de metodoloxía e segue dicindo que sorprende a manifestación da non coincidencia entre os datos obrantes nos tomos impresos e os obrantes no programa informático e que resulta difícil atopar no seu “amago de inventario” algunha páxina gráfica ou ficha de características que non conteña algún erro de vulto.

Outorgado trámite de audiencia polo xefe de Patrimonio previamente á proposta de resolución contractual polo prazo de 10 días naturais, durante o mesmo a empresa adxudicataria formula as alegacións que estimou convenientes e que en resume, concréntanse ós extremos que se indican:

Considera inexactos os feitos que motivan a resolución do contrato polos motivos que se indican:

- a) Que é incerto que o contratista non cumprimentase o requerimento de 7 de agosto e outros e que se efectuou a entrega dos traballos nos termos ordenados, a falta unicamente de certos axustes non esenciais –apreciación do contratista-.*
- b) Que non mediou incumprimento constante nin que se debera a causas imputables única e exclusivamente ó adxudicatario; que non existiu atraso, xa que dispón de xustificación que o mesmo débese e elle imputable á Administración pola tardía achega da documentación, falta de criterio nas valoracións e a promulgación da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia que sobreveu con posterioridade a adxudicación.*
- c) Que o adxudicatario entendeu que se lle tiña outorgado na prórroga tácita, co que amais podería supoñer unha modificación contractual en mais un 20% do prezo do contrato.*
- d) O contratista realizou as prestacións contractuais segundo interpretación da Administración, e que nunca se cuestionou a calidade técnica dos traballos e que incrementou os medios humanos e materiais.*
- e) Que se incrementaron os medios humanos e materiais.*
- f) Que a Administración obstaculizou a realización dos traballos impedindo o acceso ás dependencias municipais e que tal comportamento considérao como un aproveitamento indebido por parte da Administración.*
- g) Baixo a denominación de alegación segunda e terceira, reitera o xa dito en escrito anterior en relación ó decreto do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 12.1.2004, dispoñendo a práctica das probas, co que de novo amosa a súa desconformidade e na terceira alegación, a parte de ser unha repetición do xa anteriormente manifestado con algún engadido reclama a obriga de resolvelo recurso interposto que a empresa denomina recurso ordinario.*
- h) Na alegación cuarta e quinta volve a invocar o artº 1124 do C.cv e advirte que de continuar o procedemento resolutorio do contrato, comportaría unha rescisión anual unilateral decidida pola Administración e que, de producirse o seu favor proporcionaríalle efectos favorables e remata dicindo que o expediente non contén proposta de liquidación, interesando todo elo se proceda conforme ás alegacións deducidas.*

A proposta de resolución trae causa de demora do prazo contractual que venceu o 22 de decembro e 2002, e non obstante non ser preciso debido a que o coñecía o contratista de tal circunstancia deixou constancia nas reunións da Comisión de seguimento ás que asistía persoa representando á empresa:

O prego de prescricións técnicas na condición, XI estableceuno como máximo en doce meses, reducido a 11 pola redución proposta pola empresa e no prego de cláusulas administrativas particulares no nº 5 fixou o prazo máximo coincidente co de prescricións técnicas. Neste último igualmente entre as obrigas figura no nº 18-1º a) a de executalos traballos na forma, tempo e condicións establecidas esixidas no presente prego e na nº 19, 2.1 a) considera falta moi grave a paralización ou non prestación dos traballos e a interrupción do mesmo prevíndose

para as faltas moi graves a resolución do contrato ou a imposición de sanción económica, se ben a elección corresponde ó órgano contratante.

Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no artº 95.1, establece o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva e no nº 2 prebe que a constitución en morda do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración. No nº 3 do mesmo precepto legal, contempla alternativamente respecto a mora no cumprimento do prazo total, optar indistintamente pola imposición e penalidades ou pola resolución do contrato e no presente expediente danse polo tanto os requisitos que lexitiman a resolución daquel, debido a que como se puxo de manifesto sobradamente no expediente, a demora obedeceu exclusivamente a conducta e comportamento negligente do contratista tendo en conta ademais que o prazo foi sobrepasado dende o seu vencemento –31.12.2002- e non é legalmente admisible a pretensión do adxudicatario pretendendo xustificarse no que el denomina “prórrogas tácitas” xa que comportaría deixalas ó seu arbitrio nin tampouco a mera tolerancia unha vez vencido o prazo constitúe obstáculo algún para poder optala Administración en calquera intre pola resolución e incluso a posibilidade de aceptalas prórrogas estaríalle vedado a Administración contratante, de non correren causas que o xustifiquen, xa que logo poderían constituír vulneración dos dereitos doutros concursantes que tomaron parte no procedemento licitatorio.

Non resulta aplicable ó presente expediente –como resulta claro- a previsión co nº 2 do artº 96 do mesmo texto legal a teor do cal unicamente sería viable o outorgamento de prórrogas polo tempo perdido ou outro menor a condición de que o atraso non fose imputable ó contratista e este ofrecese cumprilos seus compromisos.

O artº 111 do Real Decreto 2/2000 determina como causa de resolución a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista –apartado letra d)- e anuda como efecto –apartado 4 do artº 113-, que a resolución por incumprimento culpable do contratista, lle será incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada, completándose o texto no dito apartado 4, co nº 5, que esixe pronunciamento expreso respecto a procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída.

Procedimentalmente, no que atinxe á proposta de resolución do expediente incoado, por tratarse da extinción contractual son de observalos seguintes preceptos legais e regulamentarios:

1.- A competencia resolutoria corresponde á Xunta de Goberno Local conforme ó disposto no artº 127 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, que a ten atribuída e que substitúe a do órgano contratante, Comisión de Goberno.

2.- Que en virtude do artº 59 do citado Real Decreto Legislativo 2/2000 para o suposto de adopción de acordos que poñan fin á vía administrativa, neste caso resolución do contrato concertado, é preceptivo ó abeiro do apartado letra b) do nº 3 correspondendo emitilo con tal carácter ó Consello Consultivo de Galicia, xa que logo o contratista formula oposición á resolución contractual, independentemente da contía que por aplicación da Lei 9/1995 de 10 de novembro do Parlamento de Galicia pola que se crea o Consello Consultivo de Galicia, no artº 11 establece a consulta preceptiva para expedientes de nulidade, interpretación e resolución dos contratos administrativos na forma establecida na Lei de Contratos, precisando no artº 12 que a solicitude do dictame corresponde ó presidente da Entidade Local.

No procedemento que nos ocupa son salientables por considerarse relevantes os seguintes trámites:

- a) *Acordo de incoación do expediente de resolución contractual segundo acordo da Comisión de Goberno de 20.10.2003 notificado ó contratista en data 13 de novembro.*
- b) *Escritos de alegacións do contratista de 20.12.2003 entrada en Rexistro Xeral nº documento 30114413.*
- c) *Resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004 sobre admisión e práctica de proba pedida polo contratista.*
- d) *Escrito do contratista de 24. De novembro (nº 30103107 de rexistro xeral), formulando alegacións ó acordo da Comisión de Goberno de 20.12.2003.*
- e) *Recurso administrativo (escrito nº 40020059 de 27.2.2004) contra resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004*
- f) *Escrito de alegacións de 2.3.2004, nº de entrada en rexistro xeral 40021570, presentado en trámite de audiencia que lle foi outorgado.*

En consideración ós escritos, datos e informes de feito incorporados ó expediente e os razoamentos de dereito, especialmente os contidos no presente informe-proposta, propónse á Xunta de Goberno Local acorde, previo así mesmo os informes preceptivos do Secretario Xeral e da Intervención municipal conforme ó esixido no artº 114-3 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local:

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Con data 21.04.04, o titular do Órgano de apoio á Xunta de goberno Local “informa favorablemente a adopción do acordo de resolución do contrato por incumprimento do prazo, previo dictame do Consello Consultivo de Galicia, proposto no informe do xefe da Área de Réxime Interior de data 12.04.04”.

Acordo:

“1º.- Resolvelo contrato de asistencia técnica para asistencia técnica a revisión, comprobación e actualización do inventario municipal de bens e dereitos, e formación do inventario municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do Patrimonio municipal do Solo adxudicado á empresa “SOLOPLAN, S.L.”, por acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 21 de decembro de 2001 por incumprimento do prazo contractual polo contratista vulnerado o mesmo ó transcorrer con exceso o 31 de decembro de 2002, data límite que o contratista tiña a obriga de observar conforme ó que resulte do expediente instruído.

2º.- Dispoñela perda da garantía definitiva constituída, mediante aval da Caixa de Aforros e pensións de Barcelona por importe de 6.010'12 € (Rexistro especial de abaleo nº 9340.03.0352512-19.

3º.- Comunicar ó Rexistro Público de contratos a resolución contractual cumprimentando os datos que para o contrato de servizos se contén no apartado II, nº 19 do Anexo IX ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001.”

A presente proposta de acordo ten carácter provisorio, sen prexuízo interesar do Consello Consultivo de Galicia o seu dictame preceptivo e non vinculante .

Segundo.- Dispoñer que pola Alcadesa-Presidenta se interese dictame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia por imperativo do artº 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, se ben o dictame será de carácter estritamente xurídico sen entrar en valoracións de oportunidade ou conveniencia o que permite o nº 2 do artº 5º do Decreto 282/2003 de 13 xuño do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia.

Terceiro.- Remitir de novo o expediente coa documentación no seu día enviada, complementada co informe do Secretario Xeral e dos documentos de informe-proposta de 12.04.2004 do xefe da Área de Réxime Interior no que consta a conformidade da Interventora Xeral con data 03.05.2004”.

23(874).-GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS PERSOAL MUNICIPAL XANEIRO E MAIO 2004. EXPTE. 15100/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral do 29.06.04, conformado pola interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 25.06.04, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XANEIRO E MAIO DE 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comencan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 563’00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega e que comenza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total e 394’00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comenza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Carlos Villar Ferreira, por un total de 2.801’25 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega e que comenza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 480’50 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan e que comencan por dona Mª Teresa Vaqueiro Herbello e rematan por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 65’30 horas.

- Xerencia do Parque Central, relación que se achega e que comenza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 70'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 60'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don Eugenio Matilde Viñas e remata por don José Barciela Cea, por un total de 144'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comenza por don Cesareo Rocha Paramés e remata por don Basilio Costas Fernández, por un total de 49'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega e que comenzan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 88'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 33.362,67 €.

24(875).- PROPOSTA ABONO PRODUCTIVIDADE POR TAREFAS NAS ELECCIÓNS EUROPEAS XANEIRO 2004, EMPREGADOS POLICÍA LOCAL E PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS. EXPTE. 195/325.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o documento contable RC emitido por Intervención Xeral acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, dáse conta do informe-proposta da xefa de Estatística e coordinadora electoral, do 25.06.05, conformado polo concelleiro delegado do Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Co data 20 de abril deste ano, publicouse no Boletín Oficial do Estado, o Real Decreto de Convocatoria para Eleccións de Diputados ao Parlamento Europeo.

Dita convocatoria, obrigou ó concello a realizar unha serie de tarefas, as cales fixéronse polos empregados municipais fora da xornada habitual de traballo. En concreto, estas tarefas foron:

As desempeñadas polo persoal da Policía Local nas notificacións ós membros elixidos nas mesas electorais de Vigo.

As desempeñadas polo persoal do Parque Central de Servicios Municipal, que consistiron en preparar e construír novas carteleiras de propaganda electoral e instalalas e retiralas nos lugares fixados a tal fin. Reparalas cabinas e urnas deterioradas. Preparar, repartir e instalar nos colexios electorais, urnas, papeletas, sobres, cadeiras, mesas e cabinas de votacións. Montar e desmontar algúns colexios electorais o día anterior ás votacións para impedir a paralización da súa actividade normal, Reparación de accesos e deficiencias eléctricas, limpeza a retirada do material destes colexios, e moitas delas a primeiras horas do día seguinte á votación, para ter a súa

actividade normal. Endemáis como a participación foi maior e as papeletas para o Senado son moi voluminosas, estes empregados estiveron toda a xornada electoral, repartindo sin parar repostos de urnas.

As horas adicadas fóra da xornada habitual de traballo, veñen refrendadas pola Xerencia do Parque Central de Servicios e pola Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vigo.

Polo tanto, e co cargo a partida de produtividade do vixente Presuposto Municipal, faise a seguinte PROPOSTA:

Sexa aboada a cantidade de 20.722,40 € ao persoal da Policía Local segundo cadro anexo no que consta as horas realizadas por cada funcionario, e as súas respectivas cantidades, as cales fixéronse dacordo co valor da hora extraordinaria establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

Sexa aboada a cantidade de 9.145,50 € ó persoal do Parque Central de Servicios Municipal, segundo cadro anexo, o cal se corresponde coa metade das horas extraordinarias non festivas realizadas polos empregados e que lle corresponde aboar o concello. As cantidades fixéronse tamén dacordo co valor da hora extraordinaria establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25(876).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ S.L. Y CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A. CONSTITUÍDO PARA RESPONDER DAS OBRAS DO PARKING SOTERRADO DE JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 304/407.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais do 24.06.04, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver o aval bancario de 10.745,84 € (1.787.958.-ptas.) da entidade Caja España, depositado conxunta e solidariamente por Construcciones Mirón y Gutiérrez S.L. y Construcciones, Obras y Viales S.A., o 15 de marzo de 1995 (nº de operación 199500000111), constituído para responder das obras de construción do parking soterrado de Jenaro de la Fuente.

26(877).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA NA TRAVESÍA ESPÍÑEIRO-TEIS. EXPTE. 169/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.06.04, que di o seguinte:

- 1) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 20 de novembro de 2.003, en base os antecedentes e fundamentos xurídicos que nel constan, acordou a aprobación inicial do proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da Travesía do camiño de Espiñeiro en Teis, coas valoracións e follas de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais no 12/11/2003 (expte. 169/413).
- 2) O devandito acordo foi publicado no "Faro de Vigo" en data de 12 de decembro de 2003 e no DOG nº 5 de 9 de xaneiro de 2004.
- 3) Durante o prazo de información pública achegáronse as seguintes alegacións:
 - Con rexistro de entrada número 40002240 e data de 12 de xaneiro de 2004, don JUAN-J. YARZA URQUIZA, en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do edificio sito na rúa ESPIÑEIRO Nº 6 de Teis.
 - Con rexistro de entrada número 40005877 e data de 22 de xaneiro de 2004, don FERNANDO SANTIAGO QUINTELA.
 - Con entrada no rexistro xeral do Concello número 40008837 e data de 31 de xaneiro de 2004; e no auxiliar da xerencia número 40009328 e data de 2 de febreiro de 2.004, don DARÍO REY MOSTEIRO.
 - Con rexistro de entrada número 40010287 e data de 4 de febreiro de 2.004, don DARÍO REY MOSTEIRO.
 - Con rexistro de entrada número 40010172 e data de 4 de febreiro de 2.004, dona DELFINA MARTÍNEZ PÉREZ.
 - Con rexistro de entrada número 40013999 e data de 12 de febreiro de 2.004, don JOSÉ MARTÍNEZ TOREA, en representación de dona DOLORES MELÓN PÉREZ.
- 4) Ó abeiro do artigo 84.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, déuselle traslado das devanditas alegacións ó representante da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA ESPIÑEIRO 6.
- 5) Con rexistro de entrada número 40025840 e data de 12 de marzo de 2004, don JUAN-J. YARZA URQUIZA, en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS do edificio sito na rúa ESPIÑEIRO Nº 6 de Teis, achegou informe redactado polo arquitecto don RAMÓN REBORDA MARTÍNEZ, en relación coas alegacións.
- 6) En data de 24 de maio de 2004, o arquitecto técnico municipal de xestión e planeamento informou que:

"Con data 20 de novembro de 2003 o Consello da Xerencia de Urbanismo aprobou inicialmente o proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos e bens afectados polo ensanche e urbanización da Travesía do Camiño de Espiñeiro en Teis.

No trámite de exposición ó público do expediente referendado, e segundo o certificado adxunto ó expediente, presentáronse un total de seis (6) alegacións. Á vista do contido das mesmas realizouse a comprobación de todas e cada unha das mesmas e que de seguido se contestan.

ALEGACIÓN Nº 1.-
DOC Nº 40002240
JUAN J. YARZA URQUIZA

COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO ESPÍÑEIRO Nº 3

CONTIDO: Que se teña en conta que o muro de perpiaño de peche das fincas nº 02, 03, 04 e 05 non é de titularidade das citadas fincas xa que o mesmo pertence á propiedade nº 01. O citado muro será construído no transcurso das obras de urbanización.

Que na propiedade nº 02 non é necesario a expropiación total da estrutura metálica, senón unicamente a parte afectada.

INFORME: No expediente de expropiación en tramitación figuran entre outros e como bens a expropiar nas parcelas nº 02, 03, 04 e 05 un muro de peche de perpiaño ó haberse adxudicado a propiedade do mesmo ás citadas parcelas. Feita unha comprobación "in situ" e consultado o expediente de licenza de edificación a nome de Promociones Tabulatum, púidose comprobar que o citado muro xa cedido formaba parte da propiedade nº 01 a nome de Jesús Fernández González e outros.

PROPOSTA: Estimar a alegación presentada, debéndose eliminar nos listados das parcelas nº 02, 03, 04 e 05 como ben afectado a referencia ó muro de perpiaño. En canto a valoración da estrutura metálica da parcela 02, mantense a expropiación total .

ALEGACIÓN Nº 2.-

DOC Nº 40005872

PARCELA Nº 03

FERNANDO SANTIAGO QUINTELA

CONTIDO: Alega falta de xustificación no expediente para o cálculo do valor do solo.

Aporta un informe de valoración sen xustificar o procedemento para o cálculo.

INFORME: No expediente de expropiación dos bens e dereitos afectados pola urbanización da rúa denominada Vial Transversal ó Camiño de Espiñeiro, figura no informe técnico de data 12 de novembro de 2003 a xustificación do cálculo dos valores do solo e bens e dereitos afectados, de acordo á lei 6/1998 de 13 de abril sobre o réxime do solo e valoracións. (apartados 2.1., 2.2., 2.3. do informe técnico). No informe de valoración presentado polo alegante non se xustifica de acordo á lei 6/1998 o citado cálculo, presentado un valor por m2 de solo de 300,00 €/m2, valor fora de lugar para un entorno de calidade media baixa, tipoloxía de vivenda unifamiliar, pendente de urbanización e infraestructuras e servicios, etc. Non ten en conta para o cálculo que a parcela matriz da propiedade non dispón da parcela mínima de 500 m2 que fixa a ordenanza do plan xeral.

PROPOSTA: Desestimar a alegación polos motivos expostos e manter a valoración fixada no proxecto de expropiación por entender que os valores que figuran na mesma reflicten os valores de mercado para a zona. Eliminar da relación de bens afectados o muro de peche de perpiaño ó formar parte da propiedade nº 01

ALEGACIÓN Nº 3.-

DOC Nº 40009328

PARCELA Nº 02

DARÍO REY MOSTEIRO

CONTIDO: Alega discrecionalidade nos planos empregados no expediente de expropiación. Aporta novos planos de proposta de trazado para o vial, reducindo a afección do mesmo sobre a propiedade. Alega que a apertura do vial solo beneficia á Comunidade de Propietarios solicitante da licencia e non ás parcelas afectadas. Alega que a expropiación debe estar lexitimada por un planeamento. Alega que os bens e dereitos afectados deberán valorarse con independencia do valor do solo de acordo o valor de reposición. Aporta unha valoración realizada por un técnico tanto para o solo como para os bens afectados baseada na nova aliñación proposta como para o trazado previsto no proxecto de expropiación. A valoración presentada contempla novas partidas tales como traslado de portalón de acceso, reposición de entrada de carruxes, 72 m2 de peche de bloque e tela metálica e a afección total da edificación auxiliar situada na parte posterior.

INFORME: Os planos empregados no expediente de expropiación baséanse no planos do proxecto de urbanización aprobado do vial previsto no plan xeral, cunha sección de 12 metros. A proposta presentada modifica as aliñacións previstas no plan xeral e reduce a sección prevista que figura nos planos do plan xeral. O expediente de expropiación xustifícase na apertura dun vial previsto nos planos do plan xeral, independente da situación e parcelación das propiedades afectadas. Con respecto ó peche de bloques e tela metálica, situase apegado interiormente ó muro de perpiaño polo que é necesario valorar, así como o traslado do portalón. Por outra banda é necesario suprimir como ben afectado o muro de perpiaño que por erro se había adxudicado ás propiedades 02, 03, 04 e 05. En canto a valorar a totalidade da edificación auxiliar, entende o técnico que subscribe que non sería necesario o derrube total da mesma para a realización da urbanización. En canto á valoración presentada, non xustifica o valor de reposición par as edificacións a que se fai referencia. Para o terreo afectado establece un prezo de 346,13 €/m2, e rebaixa sen xustificación o custe que figura no proxecto de urbanización aprobado.

PROPOSTA: Estimar a alegación no senso de incluír entre os bens afectados o muro de bloques e tela metálica, así como o traslado de portalón e o porche afectado e desestimar en todolo demais. Deberá eliminarse do listado de bens afectados a partida do muro de perpiaño ó pertencer á parcela 01 xa cedida.

*ALEGACIÓN Nº 4.-
DOC Nº 40001287
PARCELA Nº 02
DARÍO REY MOSTEIRO*

CONTIDO: Trátase da mesma valoración feita na alegación nº 3.

*ALEGACIÓN Nº 5.-
DOC Nº 40010172
PARCELA Nº 04
DELFINA MARTÍNEZ PÉREZ*

CONTIDO: Alega erro na dirección ós efectos de notificación. Rexeita a valoración que figura no xustiprecio formulada pola administración e achega unha valoración para o terreo afectado de 129,60 €/m2.

INFORME: A valoración presentada emprega unha fórmula non prevista na lei 6/1998 de 13 de abril, como é a de a O.M. de 30 de novembro de 1994 de valoración de bens para entidades financeiras e polo método de reposición dinámico.

Parte dun valor en venta e dun valor para os custes exactamente igual ó empregado pola administración, pero ó utilizar unha formula diferente para calcular o valor do solo, o prezo final resulta de maior valor. Non ten en conta para o cálculo que a parcela matriz da propiedade non dispón da parcela mínima de 500 m2 que fixa a ordenanza do plan xeral.

PROPOSTA: Estimar a alegación no senso de corraxir o domicilio ós efectos de notificación e desestimar en canto á valoración do solo afectado. Deberá eliminarse do listado de bens afectados a partida do muro de peñaño ó pertencer á parcela 01 xa cedida.

*ALEGACIÓN Nº 6.-
DOC Nº 40013999
PARCELA Nº 05
DOLORES MELÓN PÉREZ*

CONTIDO: Alega a inoportunidade da expropiación proposta, para un vial de 10 metros o cal entende carece de xustificación e que so favorece a terreos cualificados coa ordenanza 1.2.B. Alega que está en fase de tramitación o novo plan xeral, sendo previsible o modificado dos trazados dos novos viarios polo que entende que o proceso de expropiación debe suspenderse en tanto non se aprobe o novo plan xeral. Rexeito do xustiprezo en canto ós valores de mercado empregados. Non se ten en conta na valoración da administración a afección da edificación existente polo trazado do vial nin se contemple a existencia dun pozo, nin as medicións do muro de peche. Aporta unha medición e valoración dos bens e dereitos afectados.

INFORME: O proxecto de expropiación presentado, ten como obxecto cumprimentar o disposto no punto 4º do acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo de data 27 de febreiro de 2003, sobre a petición de cancelación de avais a favor da sociedade Promocións Tabulatum, S.L., e denegación de licenza de primeira ocupación da edificación promovida pola citada sociedade. O proxecto presentado contempla a expropiación do terreo necesario dunha serie de fincas, e as construcións existentes sobre as mesmas, para poder completar a urbanización do viario previsto no proxecto de urbanización aprobado definitivamente, expediente 3988/401, denominado vial transversal do Camiño de Espiñeiro, proxecto presentado pola sociedade Promocións Tabulatum, S.L. e non executado na súa totalidade. Este vial figura previsto no plan xeral vixente, sendo a súa sección de 12 metros e non de 10 como se alega. O trazado do vial que establece o plan xeral non so serve a terreos cualificados como 1.2.B, senón que por seu trazado definitivo e aínda sen realizar emprázanse tamén solos cualificados para vivendas unifamiliares. En canto á existencia dun avance do plan xeral, independente de que o mesmo non ten validez xurídica, non ten constancia esta oficina técnica que pola documentación existente nesta fase do plan, o viario previsto no plan xeral vixente se modifique, de feito se mantén o trazado obxecto de expediente, de tal xeito que no acordo de suspensión de licencias de edificación e parcelación que con data 2 de marzo de 2004 acordou o pleno do Concello, non figuran afectadas pola suspensión as propiedades obxecto de expediente. En canto á afección da edificación, non consta que o vial afecte á edificación existente e como tal non figura na folla de aprecio. Na folla de xustiprezo da parcela nº 05 xa figuran os peches afectados, debéndose incluír na folla de aprecio a valoración do pozo.

En canto á valoración do terreo presentada, parte para o cálculo dun valor en venta inferior ó proposto pola administración e dun valor para os custes similar ó empregado pola administración, pero non inclúe os custes derivados da urbanización que deben imputarse ó terreo. O valor así calculado é moi superior ó calculado pola administración ó utilizar o alegante unha formula non prevista na lei 6/1998 de 13 de abril, para calcular o valor do solo. Non ten en conta para o cálculo que a parcela matriz da propiedade non dispón da parcela mínima de 500 m2 que fixa a ordenanza do plan xeral.

En canto ás medicións dos peches, están contemplados na folla de prezo xusto que figura no expediente, presentando unhas medicións que non concordan coas medidas reais realizadas "in situ" na parcela.

PROPOSTA: Á vista do exposto propónse estimar a alegación en canto a incluír na folla de aprecio a valoración do pozo e demais elementos inherentes a il e desestimar en todo o demais.

Xúntase folla de prezo xusto de todas e cada unha das propiedades incluídas no expediente de expropiación, e como resultado das alegacións presentadas e proposta feita polos servizos técnicos que subscriben o informe

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 02			
PROPIETARIO: DARIO REY MOSTEIRO			
DIRECCIÓN: RUA ESPÍÑEIRO, Nº 30 - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
56,00 m2	Terreo	61,55 €/m2	3.446,80
72,00 m2	Peche de bloque e tela metálica	40,00 €/m2	2.880,00
36,00 m2	Estructura metálica	60,10 €/m2	2.163,60
4,00 m2	Construcción Auxiliar	240,40 €/m2	961,60
1,00 ud	Árbore	30,05 €/ud	30,05
1,00 ud	Porche entrada	400,00 €/ud	400,00
1,00 ud	Traslado portalon	250,00 €/ud	250,00
Suma			10.132,05
5% premio afección.....			506,60
Total Valoración.....			10.638,65

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 03			
PROPIETARIO: JOSÉ SANTIAGO MARTINEZ			
DIRECCIÓN: RUA FÁTIMA, Nº 2 – 2º C - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
60,00 m2	Terreo	61,55 €/m2	3.693,00
4,00 ud	árbore	30,05 €/ud	120,20
Suma			3.813,20
5% premio afección.....			190,66
Total Valoración.....			4.003,86

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 04			
PROPIETARIO: DELFINA MARTINEZ PÉREZ			
DIRECCIÓN: RUA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, Nº 9 – 3º B VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
80,00 m2	Terreo	61,55 €/m2	4.924,00
Suma			4.924,00
5% premio afección.....			246,20
Total Valoración.....			5.170,20

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 05			
PROPIETARIO: DOLORES PÉREZ COVELO – DOLORES MELÓN PEREZ			
DIRECCIÓN: RUA GARCIA BARBÓN, Nº 108- 1º B - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
100,00 m2	Terreo	61,55 €/m2	6.155,00
8,00 m2	Peche de pedra	72,12 €/m2	576,96
8,30 m2	Peche bloque	24,04 €/m2	199,53
4,00 m2	Peche ladrillo	18,03 €/m2	72,12
1,00 ud	Árbore	30,05 €/ud	30,05
1,00 ud	Pozo con brocal	1.200,00 €/ud	1.200,00
Suma			8.233,66
5% premio afección.....			411,68

Total Valoración.....	8.645,34
-----------------------	----------

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I.- O artigo 33 Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións (LRSV) en relación co vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993 (PXOU-93) e Proxecto de Urbanización da Travesía do Camiño de Espiñeiro, aprobado definitivamente no 07/02/1997 (expte. 3988/401).

II.- En canto ó procedemento expropiatorio de taxación conxunta artigos 143 e 144 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

III.- A competencia, segundo o artigo 127.1.d da Lei reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve a PROPOSTA para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte A C O R D O...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno; de conformidade co precedente informe, acorda:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións achegadas por don JUAN-J. YARZA URQUIZA, don DARÍO REY MOSTEIRO, dona DELFINA MARTÍNEZ PÉREZ e dona DOLORES MELÓN PÉREZ no sentido expresado no informe técnico de data de 24 de maio de 2.004, transcrito na parte expositiva.

SEGUNDO: Desestimar a alegación presentada por don FERNANDO SANTIAGO QUINTELA, no sentido expresado no informe de data de 24 de maio de 2.004 transcrito na parte expositiva.

TERCEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da Travesía do Camiño de Espiñeiro en Teis, coas valoracións e follas de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais en data de 24 de maio de 2.004 (expte. 169/413).

CUARTO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados coa expresión de que:

- a) Contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.
- b) Non obstante, contra a valoración establecidas non procederá o precedente réxime de recursos, senón que os expropiados dispoñen dun prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante esta administración a súa disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal caso, daráselle traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ó Xurado de Expropiación de Galicia. Asemade, indicaráselles que o acordo de aprobación definitiva deste expediente implica a declaración da urxencia da ocupación, polo que o pagamento ou depósito do importe da valoración permitirá que se proceda á ocupación, sen prexuízo de que continúe a tramitación para a definitiva fixación do xustiprezo.

27(878).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA ENSANCHE DA RÚA TELLEIRA. EXPTE. 173/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 21.06.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29 de abril de 1993 (PXOU-93) preveuse a urbanización e o ensanche do camiño de Telleira no seu encontro coa Avda. de Castrelos, ata acadar unha sección de 12 metros.

2.- En xaneiro de 2004 a oficina técnica do departamento de Planeamento da Xerencia de Urbanismo redactou o correspondente Proxecto de Urbanización a fin de executa-las determinacións do Plan Xeral (expte. 4472/401). Na Memoria do Proxecto precísase que ten como obxectivo solucionar-lo acceso a unha zona do municipio densificada polo tráfico pesado das industrias próximas e polas novas edificacións residenciais. Con esta obra ampliarase o ancho do camiño de Telleira, dos 5 metros actuais ós 12 previstos no Plan Xeral, coa conseguinte apertura de beirarrúas e mellora substancial de visibilidade no cruce coa Avda. de Castrelos. Incrementarase así a seguridade dos peóns e vehículos que transiten pola zona.

As obras afectarán nunha superficie de 125,40 m2 a unha propiedade privada cualificada como solo urbano consolidado. Por tal motivo incoouse este procedemento expropiatorio.

3.- No 30/01/2004 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que se describen e valoran os bens e dereitos afectados pola expropiación, co seguinte resultado:

TITULARES: D^a Luisa Margarita Sobrino Ramilo.

D^a Olga Pompeya Sobrino Ramilo.

UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE
125 m2	Terreo	91,52 euros/m2	11.476,61
1,00 ud.	Traslado portalón	330,56 euros	330,56
17,86 m2	Peche de bloques	30,05 euros/m2	536,69
31,59 m2	Peche de bloques	30,05 euros/m2	949,28
23,40 m2	Peche tela metálica	15,63 euros/m2	365,74
8,00 ud.	Postes formigón	7,21 euros/ud.	57,68
Suma		13.716,56 euros	
5 % premio afección		685,83 euros	
Total valoración		14.402,39 euros	

4.- No 04/02/2004 o letrado municipal emitiu Informe xurídico favorable a aprobación inicial do proxecto expropiatorio.

En data 23 de febreiro de 2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o proxecto de expropiación. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 82, do 29/04/2004 e no xornal Faro de Vigo do 26/03/2004.

5.- Durante dito período interpuxéronse 100 escritos de alegacións. 99 deles, presentados na Xerencia de Urbanismo no día 06/04/2004, coinciden miméticamente, sendo copia literal dun mesmo modelo. O derradeiro escrito de alegacións -único que difiere dese modelo xeral- interpúxose por D^a Olga Pompeya Sobrino Ramilo no día 23/04/2004.

En data 11/06/2004 e enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe acreditativo da correspondencia da liña do proxecto expropiatorio coas aliñacións da rúa Telleira trazadas no vixente Plan Xeral. No día 16/06/2004 o arquitecto técnico municipal emitiu outro Informe sobre as alegacións presentadas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Dispoñe o Art. 33 Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións (LRSV) que: "A aprobación de Plans de ordenación urbana e de delimitacións de ámbitos de xestión a desenvolver por expropiación implicará a declaración de utilidade pública das obras e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios correspondentes, ós fins de expropiación e imposición de servidumes".

Neste caso, o vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993 (PXOU-93) afecta ó terreo obxecto desta expropiación ó ensanche e urbanización do referido vial.

II.- Este procedemento expropiatorio tramitouse por "taxación conxunta", consonte co preceptuado nos Arts. 143 e 144 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Unha vez aprobado definitivamente, o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida permitirá a ocupación dos bens afectados, sen prexuízo, no seu caso, da remisión do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa.

III.- As valoracións dos bens e dereitos afectados calculáronse ó teor do disposto nos Arts. 23 e ss. LRSV e RD 1020/1993, do 25 de xuño.

IV.- No referente ás Alegacións interpostas durante o período de información pública, deben ser desestimados, polos motivos sinalados polo arquitecto técnico municipal no seu Informe do 16/06/2004, do seguinte teor:

"(...) * ALEGACIONES DA Nº 1 Á Nº 99 AMBAS INCLUSIVE.-

CONTIDO: "Que o proxecto obxecto de expediente ten por obxectivo a urbanización do entorno do edificio sito na esquina da Avda de Castrelos e a rúa Telleira. Que co citado proxecto búscase a legalización do citado edificio que se encontra fora de ordenación conforma ó establecido no plan xeral vixente, polo que solicítase a paralización do expediente ó considerarse o alegante danado pola configuración do vial, tendo en conta ademais a próxima aprobación do pxom no que se buscarán alternativas para un novo trazado do vial de Telleira".

INFORME: O expediente en tramitación de expropiación só contempla a expropiación dunha única parcela, denominada parcela 01, e ten por obxecto obter os terreos necesarios para o ensanche e urbanización da rúa Telleira, coas aliñacións e seccións previstas no plan xeral vixente e non para urbanizar o entorno de ningún edificio.

O edificio a que se fai referencia dispón de licencia de edificación, expedientes 20825/421, 28605/421 e 32598/421 e de licencia de primeira ocupación, expediente 34436/421 polo que non se axusta á realidade que o citado edificio se encontre fóra de ordenación, nin os alegantes xustifican a citada afirmación. En canto ós prexuízos que causa ós alegantes a urbanización da rúa, non se xustifica tal afirmación xa que no expediente de expropiación en tramitación só figura como finca afectada polo proxecto de urbanización a parcela "01" a nome de D^a M^a Luísa Margarita e Olga Pompeya Sobrino Ramilo, coa alegación nº 1, e no proxecto de urbanización da rúa Telleira non figura ningún dos alegantes, salvo á propiedade citada, como propietarios de parcelas afectadas polo proxecto de urbanización.

PROPOSTA: Desestimar as alegacións presentadas polos motivos expostos.

* ALEGACIÓN Nº 100.-

DOC Nº 40040975. PARCELA Nº 01. D^a OLGA POMPEYA SOBRINO RAMILO

CONTIDO: Alega que o proxecto de urbanización non se axusta ás determinacións establecidas no pxou ó variar o trazado. Mostra a súa desconformidade coas valoracións e folla de xustiprezo.

INFORME: En canto ó cumprimento do proxecto de urbanización co previsto nos planos do pxou vixente, xa figura informe do enxeñeiro técnico de obras públicas nas alegacións ó proxecto de urbanización presentadas pola mesma alegante.

Con referencia á valoración, non presenta nin xustifica valores dos bens e dereitos afectados que desvirtúen os valores que figuran no proxecto de expropiación.

PROPOSTA: Desestimar a alegación polos motivos expostos e manter a valoración fixada no proxecto de expropiación por entender que os valores que figuran na mesma reflicten os valores de mercado para a zona".

V.- É competente para aprobar definitivamente este Proxecto de Expropiación a Xunta de Goberno Local, segundo preceptúa o Art. 127.1.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, propónse ó Consello da Xerencia, para que a súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da rúa Telleira en Castrelos, coas valoracións e folia de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais en xaneiro de 2004 (expte. 173/413), relativo á seguinte parcela:

NÚM. 1.

TITULARES: D^a Luisa Margarita Sobrino Ramilo.

D^a Olga Pompeya Sobrino Ramilo.

BENS: 125 m² de terreo, traslado portalón, peches e postes.

VALORACIÓN (incluído premio afección): 14.402,39 euros

SEGUNDO: Desestima-las alegacións interpostas durante o trámite de información pública por D^a Olga Pompeya Sobrino Ramilo e outros, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

TERCEIRO: Os titulares dos bens expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta Resolución para no seu caso manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados, achegando a correspondente "folia de aprecio". Unha vez informada polos técnicos municipais remitiranse as actuacións ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa.

CUARTO: Notifíquese este Acordo ós expropiados e alegantes, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

**28(879).-RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.E. II-08 CORUÑA.
EXPTE. 4526/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 15.06.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1) *Baixo o número de expediente 3202/411, tramitouse o Estudio de Detalle da U.E. II-08 Coruña, aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo en sesión de 31 de xullo de 1997.*

2) *Baixo o número de expediente 4960/411, tramitouse a Modificación do devandito Estudio de Detalle da U.E. II-08, aprobada definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo en sesión de 25 de outubro de 1999.*

3) *Baixo o número de expediente 4209/401, tramitouse o Proxecto de Compensación da U.E. II-08 CORUÑA, que foi aprobado definitivamente por Decreto do Alcalde-Presidente da Xerencia en data de 21 de xullo de 2000. Asemade por Decreto de data de 17 de outubro de 2000 se daba por cumprida a condición establecida naquela resolución, de previo ingreso da cantidade correspondente ó valor urbanístico da cesión obrigatoria de terreo para emprazar o 10% do aproveitamento susceptible de apropiación polo Concello a satisfacer pola propietaria e promotora do ámbito de actuación.*

4) *Baixo o número de expediente 4210/401 tramitouse o Proxecto de Urbanización U.E. II-08 CORUÑA, Proxecto definitivamente aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de outubro de 2000.*

5) *Con data de 23 de outubro de 2000, perante o Notario do Ilustre Colexio de Notarios da Coruña don JOSÉ-PEDRO RIOL LÓPEZ e co número 3.303 do seu protocolo, por don JOSÉ-ROBERTO RODRÍGUEZ MACÍAS, apoderado e representante de "HIJOS DE ISMAEL RODRÍGUEZ, S.L." outorgouse acta de protocolización do Proxecto de Compensación da Unidade de Execución II-08 Coruña.*

6) *Con rexistro de entrada número 40040621, don JOSÉ-ROBERTO RODRÍGUEZ MACÍAS, en representación de "HIJOS DE ISMAEL RODRÍGUEZ, S.L.", solicitou a recepción definitiva das obras de urbanización, achegando a correspondente documentación.*

7) *Polo enxeñeiro xefe do servizo de vías e obras en data de 27 de maio de 2004 infórmase que:*

"Con data 22/04/2004 don José Roberto Rodríguez García en representación da sociedade "HIJOS DE ISMAEL RODRÍGUEZ, S.L.", promotora da urbanización U.E.II-08 CORUÑA, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción definitiva das obras contempladas no proxecto de urbanización U.E. II-08 CORUÑA, aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria celebrada o día 19/10/2000.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- *Plano das obras realmente executadas que non presentan variacións substanciais coas previstas no proxecto de urbanización aprobado.*

- *Acta de recepción das obras por parte da propiedade conformada pola propia promotora, empresa constructora e dirección facultativa das obras.*
- *Certificación do técnico director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.*
- *Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.*

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes aos servizos de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e aos servizos técnicos de Aqualia empresa concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de augas, cos seguintes resultados:

En data 27/05/2004 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e sen atopar deficiencias, salvo vicios acochados.

Con data 27/05/2004 o Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que a xardinería adáptase ós criterios deste servizo.

Con data de 27/05/2004 o Servizo de Electromecánicos, informa que as obras cumpren coa normativa vixente e axústanse o proxecto.

Con data 27/05/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, informa que a instalación tanto na rede de abastecemento como na de saneamento é conforme ao proxecto.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte:

PROPOSTA:

a) *Aproba-la recepción definitiva descrita das obras de urbanización da Unidade de Execución II-08 CORMUÑA no ámbito delimitado no plano denominado, Plano de Recepcións Definitivas, o cal se achega.*

1. *Dar traslado deste acordo aos seguintes servizos municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."*

8) *Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, infórmase con data de 28 de maio de 2.004 que "las obras cuya recepción se solicita, se ajustan al planeamiento aprobado, Estudio de Detalle U.E. II-08 CORUÑA (Exp-4960/411), y al Proyecto que las detalla (4210/401).*

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado, que a Administración non pode evitar se se lle ofrecen as obras nas debidas condicións.

III. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación. Asemade no apartado 3.2.3.4.g) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 establécese igual período de garantía cunha duración mínima dun ano, contado a partires da recepción. A devolución da garantía non procede ata a finalización deste período de garantía e, sempre e cando medie informe técnico favorable sobre o estado das obras.

IV. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recolle o artigo 167.1 do RC durante o prazo de garantía coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ó previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

V. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte acordo..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro: Aprobar a recepción das obras de urbanización da unidade de execución II-08 CORUÑA correspondentes ó proxecto de urbanización definitivamente aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión de 19 de outubro de 2000, de acordo cos informes técnicos descritos na parte expositiva. (Expediente 4526/401).

Segundo: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

Terceiro: Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencia de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

29(880).-ALINEACIÓN DO PECHE DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE MIRAFLORES NO LINDE CO RÍO LAGARES E REMATE DO PASEO LINEAL DO LAGARES Ó SEU PASO POR ESTE POLÍGONO INDUSTRIAL. EXPTE. 8532/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 17.06.04, que di o seguinte:

1º.- En cumprimento do convenio subscrito entre Augas de Galicia e o Concello de Vigo, para a execución das obras de “Recuperación de canles naturais, separación de pluviais e actuacións puntuais na rede de saneamento de Vigo” o Concello-Pleno, con data do 27 de setembro de 1999, aprobou definitivamente os proxectos de recuperación de canles naturais e separación de augas pluviais, adecuación dos colectores de marxe do río Lagares e actuacións para o control das augas pluviais e adecuación das ribeiras do río Lagares, aprobados pola presidencia da entidade “Aguas de Galicia” con data 10 de febreiro de 1999.

A declaración expresa da utilidade pública das obras obxecto dos proxectos tivo lugar por acordo plenario do 28 de febreiro de 2000, e a urxente ocupación dos terrenos afectados polos mesmos foi declarada por decretos do Consello da Xunta de Galicia núms. 61/2.000, 62/2.000 e 63/2.000, do 16 de marzo.

Con data do 26 de xuño de 2.000 o Concello-Pleno aprobou definitivamente o expediente de subsanación de erros no parcelario de bens e dereitos afectados de expropiación pola execución dos devanditos proxectos.

2º.- Das obras previstas nos proxectos a que nos vimos de referir restan únicamente por realizar as correspondentes ó tramo do paseo lineal, previsto entre a Avda. de Madrid e a desembocadura do Lagares en Samil, denominado obra 26, Carril Bici, correspondente á parcela 42, na que se empraza o Polígono Industrial de Miraflores.

3º.- Solicitada por parte de D. Ignacio Esperón Caldas, presidente da Comunidade de Propietarios do dito polígono industrial, acta de liña para o peche da citada parcela 42, no seu linde coa marxe do río Lagares, o director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo e o arquitecto técnico da mesma, con data 11 de xuño de 2004, informaron o que segue:

“ANTECEDENTES.-

- a) *En novembro de 1991, neste polígono tramitouse o expediente de expropiación para a construción do Colector de Borde-río Lagares e que afectou ás parcelas 275/277/279 e 293, a nome de Nayter, S.L. e a súa indemnización efectuouse como servidume do acueducto, o dito colector transcorre pola rede viaria existente e que colinda co río Lagares, en toda a súa lonxitude.*
- b) *En data do 6 de febreiro de 2001, efectuouse, sobre esas mesmas parcelas o levantamento da acta previa á ocupación do expediente de expropiación por urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polos proxectos de “Adecuación das*

ribeiras do río Lagares e melloras estruturais”, “Recuperación dos leitos naturais e separación de augas pluviais no Concello de Vigo” e “Axeitamento dos colectores da marxe do río Lagares e actuacións localizadas para o control das augas pluviais” e na que se expropiaban 1.259 m² e 1.226 m² de ocupación temporal para a construción dun carril-bici de 2,50 mts. de ancho (parcela 42-obra 26).

Na dita acta, o representante dos propietarios do polígono industrial de Miraflores, manifesta a súa disconformidade co trazado e ocupación previsto no proxecto redactado pola Empresa Pública de Obras Hidráulicas, debido ó risco de accidentes para o tráfico peatonal pola proximidade do paseo ás naves existentes.

- c) Efectuada inspección ó lugar, puidose comprobar o efectivo risco para os peatóns que deriva do tránsito de vehículos de transporte polo espazo correspondente os recuados das naves en relación co cauce do río; recuado que nalgúns puntos redúcese a dimensións que imposibilitan a simultaneidade dos dous tránsitos.
- d) En data do 29 de maio de 2001, recibíuse un fax da Empresa Pública de Obras Hidráulicas, asinado polo enxeñeiro director das obras, onde solicita ó Concello que se modifiquen as ocupacións temporais e definitivas previstas inicialmente para a execución do camiño de Ribera na zona do Polígono de Miraflores, trámite necesario para incluílos no “Proxecto Modificado núm. 2”. O dito trazado sería consensuado entre a Xunta, Concello e propietarios afectados.
- e) A dita modificación aportada non foi incluída no “Proxecto Modificado núm. 2” por motivos que descoñecemos, se ben se fixéron xestións cos novos afectados.
- f) Na actualidade a Xunta está efectuando os traballos do deslinde do Dominio Público Hidráulico do río Lagares. Achégase plano da 1ª aproximación.
- g) Non obstante o anterior, parece razoable que de propoñer Augas de Galicia unha solución alternativa que palíe estes inconvenientes poda ser esta ser aceptada por esta Administración municipal.

PROPOSTA.-

Sendo preciso rematar o paseo lineal previsto entre a Avda. de Madrid e a desembocadura do Lagares en Samil, o único tramo sen realizar é o denominado obra 26 Carril Bici, correspondente á parcela 42, polos motivos citados. Á vista do exposto os técnicos que subscriben propoñen o seguinte:

1. A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, executará o carril-bici ó paseo lineal de 2,50 mts. ben no voladizo ou con reconstrución de muros aproveitando o talud existente.
2. Respetar os anchos existentes de vial, nos puntos seguintes e que se relacionan no plano que se achega.
3. O dito carril bici irá polas traseiras dos terreos seguintes:
 1. Oreco, S.A.
 2. Bombeos-Bongasa
 3. Oreco, S.A.
 4. Construcións Cruz
4. O peche perimetral sería polo borde do carril-bici e sería provisional ata que a Empresa Pública de Obras Hidráulicas preste conformidade.

Achéganse os planos seguintes:

- Parcelario
- Plan Especial do Lagares
- Proposta”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Tal e como se desprende do informe técnico que vimos de transcribir, dúas cuestións se presentan a propósito da solicitude formulada polo presidente da comunidade de propietarios do Polígono Industrial de Miraflores sobre fixación de aliñación para o peche do polígono na parte colindante coa marxe do río Lagares: a das condicións do propio peche e a da necesidade de completa-lo paseo lineal previsto entre a Avda. de Madrid e a desembocadura do Lagares en Samil, interrompido ó seu paso por este polígono.

II.- En canto ó peche, establece o artigo 6 da Lei 29/1985, do 2 de agosto de augas, a suxeición das marxes dos cauces públicos en toda a súa extensión lonxitudinal a unha zona de servidume de 5 metros de longo para uso público e a unha zona de policía de 100 metros de longo; zonas nas que, de conformidade co artigos 7, 9 e 78 do Regulamento do dominio público hidráulico, non se poderá edificar sen a previa autorización da administración hidráulica da Xunta de Galicia; autorización que na zona de servidume solo se concederá en casos moi xustificadas.

A falta pois dunha especial xustificación en contrario, apreciada por Augas de Galicia, o peche, que deberá contar coa autorización do dito organismo hidráulico, haberá de situarse como mínimo a 5 metros do cauce do río.

III.- En relación coa necesidade de completa-lo paseo previsto entre a Avda. de Madrid e a desembocadura do Lagares en Samil, os técnicos informantes, á vista das dificultades que presenta a execución do proxecto aprobado ó seu paso polo polígono industrial de Miraflores e a súa inexecución por Augas de Galicia, formulan a proposta que achegan a fin de que da mesma se de traslado á dita administración hidráulica para a súa aprobación, no seu caso.

IV.- Presentándose, pois, como cuestión prioritaria a conclusión do referido paseo lineal, considérase procedente a tal fin que esta Administración municipal se dirixa ó organismo autónomo Augas de Galicia en solicitude de modificación do proxecto de adecuación das ribeiras do río Lagares, a fin de resolver os problemas que presenta a execución do actual proxecto e rematar o paseo lineal, interrompido ó paso por este polígono de Miraflores, dandolle traslado da proposta dos técnicos municipais para a súa consideración por esa administración hidráulica.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Informar a D. Ignacio Esperón Caldas, como presidente da comunidade de propietarios do Polígono Industrial de Miraflores que, de conformidade co exposto nos antecedentes deste acordo, a falta dunha especial xustificación en contrario, apreciada por Augas de Galicia, o peche do Polígono

Industrial de Miraflores na parte colindante co río Lagares, que deberá contar coa autorización deste organismo hidráulico, haberá de situarse como mínimo a 5 metros do cauce do río.

Segundo.- Prestar conformidade á proposta do director dos servizos técnicos e do arquitecto técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo para o tramo pendente de realización do paseo lineal ó seu paso pola parcela 42, correspondente ó Polígono Industrial de Miraflores.

Terceiro.- Dirixirse ó organismo autónomo Augas de Galicia en solicitude de modificación do proxecto de adecuación das ribeiras do río Lagares, a fin de resolver os problemas que presenta a execución do actual proxecto e rematar o paseo lineal, interrompido ó paso por este polígono de Miraflores, dandolle traslado da proposta dos técnicos municipais para a súa consideración por esa administración hidráulica.

30(881).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTO.

Incluído por erro na orde do día.

31(882).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez